

# **DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**



**PROGRAMACIÓN CURSO 2018/19**

## **Índice**

<b>1</b>	<b>Introdución e contextualización</b>	<b>6</b>
<b>2</b>	<b>Contribución das Ciencias da Natureza ás competencias clave</b>	<b>7</b>
<b>3</b>	<b>1ºESO Bioloxía e Xeoloxía</b>	
<b>3.1</b>	<b>Obxectivos</b>	<b>10</b>
<b>3.2</b>	<b>Contidos</b>	<b>12</b>
<b>3.3</b>	<b>Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe</b>	<b>14</b>
<b>3.4</b>	<b>Temporalización</b>	<b>42</b>
<b>3.5</b>	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación</b>	<b>43</b>
<b>3.6</b>	<b>Criterios de cualificación</b>	<b>44</b>
<b>4</b>	<b>3ºESO Bioloxía e Xeoloxía</b>	
<b>4.1</b>	<b>Obxectivos</b>	<b>46</b>
<b>4.2</b>	<b>Contidos</b>	<b>47</b>
<b>4.3</b>	<b>Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe</b>	<b>49</b>
<b>4.4</b>	<b>Temporalización</b>	<b>71</b>
<b>4.5</b>	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación</b>	<b>71</b>
<b>4.6</b>	<b>Criterios de cualificación</b>	<b>73</b>
<b>5</b>	<b>4ºESO Bioloxía e xeoloxía</b>	
<b>5.1</b>	<b>Obxectivos</b>	<b>74</b>
<b>5.2</b>	<b>Contidos</b>	<b>75</b>
<b>5.3</b>	<b>Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe</b>	<b>78</b>
<b>5.4</b>	<b>Temporalización</b>	<b>100</b>
<b>5.5</b>	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación</b>	<b>100</b>
<b>6</b>	<b>4ºESO Cultura científica</b>	
<b>6.1</b>	<b>Obxectivos</b>	<b>102</b>

6.2	Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe	104
6.3	Temporalización	113
6.4	Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación	113
7	4ºESO Ciencias aplicadas a actividade profesional	
7.1	Obxectivos	114
7.2	Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe	115
7.3	Temporalización	123
7.4	Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación	124
8	1ºBACHARELATO Bioloxía e Xeoloxía	
8.1	Obxectivos	126
8.2	Contidos	128
8.3	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe	132
8.4	Temporalización	152
8.5	Procedementos e instrumentos de avaliación	153
8.6	Criterios de cualificación	154
9	1ºBACHARELATO Cultura Científica	
9.1	Obxectivos	155
9.2	Contidos	157
9.3	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe	160
9.4	Temporalización	166
9.5	Procedementos e instrumentos de avaliación	166
9.6	Criterios de cualificación	168
10	1ºBACHARELATO Anatomía aplicada	
10.1	Obxectivos	169
10.2	Contidos	169
10.3	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe	171
10.4	Temporalización	177

10.5 Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación	177
<b>11 2º BACHARELATO Bioloxía</b>	
11.1 Obxectivos	179
11.2 Contidos	182
11.3 Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe	186
11.4 Temporalización	219
11.5 Procedementos e instrumentos de avaliación	219
11.6 Criterios de cualificación	221
<b>12 2º BACHARELATO Ciencias da Terra e do Medio Ambiente</b>	
12.1 Obxectivos xerais da etapa	223
12.2 Contidos	223
12.3 Obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe	225
12.4 Temporalización	233
12.5 Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación	233
<b>13 ESA III e IV. Ámbito Científico-tecnolóxico</b>	<b>235</b>
<b>14 Concrecións metodolóxicas</b>	<b>255</b>
<b>15 Materiais e recursos didácticos</b>	<b>256</b>
<b>16 Organización e seguemento de pendentos</b>	<b>257</b>
<b>17 Deseño da avaliación inicial</b>	<b>258</b>
<b>18 Medidas de atención á diversidade</b>	<b>259</b>
<b>19 Elementos transversais</b>	<b>261</b>
<b>20 Actividades complementarias</b>	<b>263</b>
<b>21 Proxecto Lector</b>	<b>263</b>
<b>22 Mecanismos de revisión da programación</b>	<b>264</b>



## **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

A materia de Bioloxía e Xeoloxía, tanto na etapa da educación secundaria obrigatoria como no bacharelato, debe contribuír a que o alumnado desenvolva as competencias clave de cada etapa educativa, poñendo especial atención na adquisición da competencia científica en todas as súas dimensións. Non se trata, pois, unicamente de adquirir coñecementos relacionados coa bioloxía e a xeoloxía, senón de que o alumnado aprenda a observar e a reflexionar sobre situacións reais, recoller datos, tomar decisións, ter curiosidade, iniciativa, motivación e moitos outros aspectos que o leven a un mellor coñecemento da súa contorna e a un mellor benestar social. A bioloxía e a xeoloxía deberán tamén contribuír a que as persoas melloren a súa autoestima e a superar prexuízos, respectar diferenzas e participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, mediante o uso do diálogo e respectando a diversidade cultural.

Durante estas etapas perséguese asentar as competencias xa adquiridas, para ir mellorando un nivel competencial que conduza o alumnado a non perder o interese que ten desde o comezo da súa temperá actividade escolar por non deixar de aprender.

### **Contextualización.**

Cedeira é un municipio situado na costa norte das Rías Altas, na ría homónima onde desemboca o río Condomiñas. A súa poboación ascende a 6.888 habitantes no ano 2017 según o I.N.E. A pesca, a explotación forestal e o sector servizos, fortemente potenciado polo turismo, son os seus principais recursos económicos. É un municipio onde a maior parte da poboación se asenta no seu núcleo urbano, onde tamén se ubica o I.E.S. Punta Candieira. Cedeira conta historicamente cunha forte implantación das ensinanzas medias, que se traduce na segunda metade do século XX na creación de dous centros privados de numerosa concurrencia. Estes centros desapareceron no ano 1981 coa creación dun colexio municipal que puxo en evidencia a necesidade de dotar a Cedeira dun centro público, acordo que foi tomado pola administración autonómica no ano 1983. Nese tempo Cedeira era o municipio galego con maior número de universitarios por cada cen mil habitantes. O I.E.S. Punta Candieira tivo ao longo da súa historia dúas importantes ampliacións para dar mellores servizos tanto ós alumnos dos diferentes ciclos formativos, coma ós seus alumnos de ensinanza secundaria e bacharelato. O instituto acolle a alumnos tanto do propio municipio como de municipios cercanos como A Barqueira, Moeche, Valdoviño, Cariño ou Ortigueira.

## **2. Contribución das Ciencias da Natureza ás competencias clave.**

### ***Descrición do modelo competencial***

Para adestrar as competencias clave é necesaria a programación de tarefas de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Tratar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica non resulta operativo; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguemento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descriptores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado.

### ***Na área de Bioloxía e Xeoloxía***

Na área de Bioloxía e Xeoloxía incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descriptores máis afíns á área.

### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

O método científico vai ser un elemento importante dentro desta área, polo cal, traballaremos con aspectos relacionados que teñan que ver coa adquisición de ferramentas que fagan posible o bo desempeño do alumnado na materia.

Os descriptores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

### ***Comunicación lingüística***

A comprensión lectora e a expresión oral e escrita cobran moito sentido xa que facilitan chegar á comprensión profunda do que pretende esta área. Será interesante adestrar estes aspectos ao longo de todas as unidades como ferramentas básicas para adquirir destrezas desde esta competencia. Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos

polo menos un dos seguintes descritores:

- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.

### ***Competencia dixital***

A sociedade na que vivimos crea a necesidade de traballar de xeito transversal esta competencia. Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

### ***Conciencia e expresións culturais***

Desde a área de Bioloxía e Xeoloxía podemos adestrar aspectos desta competencia que nos levan á adquisición de valores e actitudes que teñen que ver coa interculturalidade, os pensamentos diverxentes, as crenzas... Polo que nesta área traballaremos os seguintes descritores:

- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

### ***Competencias sociais e cívicas***

Esta competencia favorece ser crítico ante diferentes situacións, ante investigacións sobre avances científicos... Así mesmo, pretende traballar todos aqueles aspectos que fomentan unha reflexión ante situacións de hoxe, que fan posible que o alumnado creza e madure adquirindo ferramentas que o van levar a posuír un criterio propio o día de mañá.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para participar activamente en ámbitos de participación establecidos.
- Construír unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

O adestramento de habilidades emprendedoras no deseño de calquera tarefa vai facer posible unha óptima xestión



de recursos materiais e persoais, polo que nesta área, e en calquera, o alumnado crecerá en autonomía e en liderazgo. Por iso, será importante que se adestren de forma eficiente e eficaz os seguintes descritores:

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

### ***Aprender a aprender***

Esta competencia lévanos a coidar os procesos de aprendizaxe do alumnado e a metodoloxía empregada para a óptima adquisición dos contidos de calquera área. Por iso, traballaremos e adestraremos cada un dos descritores de forma que aseguremos a consecución de obxectivos formulados previamente:

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

### **3. 1ºESO Bioloxía e Xeoloxía**

#### **3.1.Obxectivos**

##### **UNIDADE 1: O Universo.**

- Coñecer o modelo xeocéntrico e o modelo heliocéntrico do universo e situalos no seu contexto histórico.
- Coñecer o concepto actual de universo en expansión e os seus compoñentes: galaxias, nebulosas e estrelas.
- Situar o sistema solar no universo, coñecer o seu tamaño e explicar a súa orixe.
- Explicar as características do Sol, dos planetas e doutros corpos do sistema solar.

##### **UNIDADE 2: A Terra.**

- Coñecer os movementos da Terra e explicar as súas consecuencias: a sucesión dos días e das noites, e as estacións do ano.
- Describir os movementos da Lúa, as súas fases e explicar as causas que orixinan as eclipses e as mareas.

##### **UNIDADE 3: A xeosfera.**

- Coñecer o relevo da xeosfera e as capas que se diferencian nela, e sinalar as características da litosfera.
- Situar o manto, codia e núcleo.
- Saber que é un mineral e describir as principais propiedades que permiten a súa identificación.
- Diferenciar os principais grupos nos que se clasifican os minerais e recoñecer os exemplares máis correntes de cada un deles.
- Coñecer os principais minerais da xeosfera que utilizamos e saber para que os empregamos.
- Coñecer que é unha rocha e cales son as principais propiedades que permiten identificalas.
- Explicar que son as rochas magmáticas, metamórficas e sedimentarias e identificar os principais representantes de cada un deles.

##### **UNIDADE 4: A atmosfera.**

- Coñecer a composición da atmosfera actual e como evolucionou ao longo da historia da Terra, e describir as capas que se diferencian nela.
- Coñecer as funcións que desempeñan a atmosfera e saber a importancia que teñen para o desenvolvemento da vida na Terra.
- Coñecer o fenómeno da contaminación atmosférica e os efectos que ten para os seres vivos e o medio.

##### **UNIDADE 5: A hidrosfera.**

- Saber que coñecemos como hidrosfera, os tres estados nos que se encontra e as características que a fan esencial para a vida.
- Coñecer a distribución da auga dos océanos, dos mares e das augas continentais.
- Comprender que os continuos movementos da auga e os seus cambios de estado constitúen o CICLO HIDROLÓXICO.
- Valorar a importancia que ten a auga para a vida, estudar os usos que facemos dela, saber que é un recurso limitado e que debemos facer unha xestión sostible do devandito recurso.
- Coñecer os principais impactos ambientais que o home causa na hidrosfera.

##### **UNIDADE 6: Os seres vivos.**

- Describir as características dos seres vivos: a súa composición química, a súa organización celular e as funcións vitais.
- Coñecer as estruturas comúns a todas as células e diferenciar entre a célula PROCARIOTA e a EUCARIOTA; e entre a célula animal e a célula vexetal.
- Explicar as tres funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.
- Coñecer o sistema de clasificación dos seres vivos,
- Describir os niveis de organización dos seres vivos e as características dos cinco reinos.
- Coñecer as partes do microscopio óptico e utilízalo con corrección.
- Recoñecer os seres vivos que pertencen aos reinos moneras, protoctistas e fungos.
- Describir as características máis importantes dos seres pertencentes a estes tres reinos (monera, protoctistas e

fungos).

- .- Valorar a importancia que teñen os fungos para o ser humano e para o medio.
- .- Valorar a importancia que teñen os protistas para o ser humano e para o medio.
- .- Valorar a importancia que teñen os moneras para o ser humano e para o medio.
- .- Adquirir vocabulario específico sobre as meneras, os protoctistas e os fungos para expresar coñecementos de forma oral e escrita.

### **UNIDADE 7: Os animais.**

- .- Coñecer cales son as características do corpo dos animais.
- .- Describir as funcións de nutrición, explicando a existencia ou non de aparato dixestivo e os tipos de aparatos dixestivos que presentan os animais; como se produce a respiración, os tipos de aparatos respiratorios e a circulación e excreción dos produtos de refugallo a través dos aparatos correspondentes.
- .- Describir as funcións de relación, explicando os distintos órganos sensoriales, os sistemas nervioso e endócrino e os órganos efectores encargados de elaborar a resposta: movementos e secreción de substancias.
- .- Describir as funcións de reprodución en animais, explicando os tipos de reprodución asexual e sexual, así como o proceso de desenvolvemento do cigoto, diferenciando o desenvolvemento embrionario e postembrionario.
- .- Adquirir vocabulario específico sobre as partes que compoñen o corpo dos distintos grupos de animais e expresar os coñecementos adquiridos en forma oral e escrita.
- .- Coñecer a diversidade dos vertebrados e identificar os representantes de cada grupo.
- .- Describir as características máis representativas dos diferentes grupos de vertebrados ( peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos).
- .- Identificar as principais características que diferencian o ser humano dos demais mamíferos.
- .- Recoñecer a importancia que teñen os vertebrados para as persoas e coñecer os seus efectos benéficos e prexudiciais.
- .- Adquirir vocabulario específico sobre os vertebrados para expresar coñecementos de forma oral e escrita sobre estes.
- .- Coñecer cales son as características do corpo dos invertebrados.
- .- Describir os poríferos e os cnidarios, explicando como é o seu corpo e outras características.
- .- Describir os vermes, explicando cales son os grupos máis destacados e as características de exemplos concretos coñecidos.
- .- Describir os moluscos, explicando como é o seu corpo e os principais tipos de moluscos: gasterópodos, bivalvos e cefalópodos.
- .- Describir con detalle as características do corpo dos artrópodos e os seus principais tipos: arácnidos, crustáceos, miriápodos e insectos.
- .- Describir como son os equinodermos, explicando detalladamente o seu sistema ambulacral.
- .- Sinalar a relación entre os invertebrados e as persoas, diferenciando os que son prexudiciais dos que son benéficos.
- .- Utilizar as TIC para investigar e ampliar os coñecementos sobre as características dos invertebrados, as súas funcións e a súa importancia biolóxica.

### **UNIDADE 8: As plantas.**

- .- Coñecer cales son as partes máis importantes das plantas.
- .- Describir as funcións de nutrición (explicando, de forma sinxela, como se leva a cabo o proceso da fotosíntese), as de relación e as de reprodución.
- .- Coñecer como se clasifican as plantas segundo posúan sementes ou non.
- .- Valorar a importancia que teñen as plantas para as persoas e o medio.
- .- Utilizar as TIC para investigar e ampliar os coñecementos sobre as características das plantas, as súas funcións e a súa importancia biolóxica.

### **UNIDADE 9: Os ecosistemas.**

- .- Coñecer os compoñentes do ecosistema: o biótomo, a biocenose e as interaccións que se producen entre eles.
- .- Coñecer os diferentes tipos de ecosistemas que existen tanto acuáticos como mariños.
- .- Recoñecer os principais compoñentes dun solo e os riscos que padece (contaminación, compactación e salinización).
- .- Diferenciar os conceptos de desertización e desertificación.
- .- Saber poñer exemplos dos principais ecosistemas acuáticos de Galicia.
- .- Saber poñer exemplos dos principais ecosistemas terrestres de Galicia.

- .- Coñecer as principais relacións que se establecen entre o biótomo e a biocenose.
- .- Coñecer as características dos ecosistemas en EQUILIBRIO.
- .- Coñecer as principais causas dos desequilibrios que se producen nos ecosistemas.
- .- Describir as principais medidas para a conservación do medio ambiente.
- .- Coñecer os espazos naturais protexidos de Galicia.

## **3.2.Contidos**

### **UNIDADE 1: O Universo.**

- .- O Universo.
- .- O concepto de universo.
- .- Xeocentrismo e heliocentrismo.
- .- O universo en expansión e o Big-Bang.
- .-Os compoñentes do universo: galaxias, nebulosas e estrelas.
- .- O concepto de ano luz.
- .- O sistema Solar.
- .- Os compoñentes do sistemas solar: Os planetas, os satélites e outros corpos celestes.
- .- A orixe do sistema solar.

### **UNIDADE 2: A Terra.**

- .- A Terra como planeta.
- .- O movemento de rotación. A sucesión do día e da noite.
- .- O movemento de translación. As estacións do ano.
- .- Os movementos de translación e de rotación.
- .- As fases da Lúa, as eclipses e as mareas.

### **UNIDADE 3: A Xeosfera.**

- .- Como é a Terra: Capas que se diferencian na Terra.
- .- O relevo da superficie terrestre.
- .- Minerais e rochas.
- .- As propiedades dos minerais.
- .- A clasificación dos minerais.
- .- As rochas:
  - .- Tipos de rochas sedimentarias.
  - .- Tipos de rochas magmáticas.
  - .- Tipos de rochas metamórficas.
- .- Utilidade de minerais e rochas.
- .- A extracción de minerais e rochas.
- .- Rochas e minerais de Galicia.

### **UNIDADE 4: A atmosfera.**

- .- A orixe da atmosfera.
- .- A composición da atmosfera actual.
- .- A estrutura da atmosfera.
- .- As funcións da atmosfera, o efecto invernadoiro.
- .- O tempo e o clima.
- .- A contaminación atmosférica: os contaminantes, os seus efectos e medidas para reducilos.
- .- Comprensión de informacións, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación e mantemento dunha actitude favorable cara á lectura.

### **UNIDADE 5: A hidrosfera.**

- A auga da hidrosfera.
- A distribución da auga na Terra.
- O ciclo da auga.
- A importancia da auga para a vida.
- A auga potable: o proceso de potabilización da auga.
- Impactos ambientais sobre a hidrosfera.
- Uso de estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplícala a distintos contextos, e participación activa no propio proceso de aprendizaxe.

### **UNIDADE 6: Os seres vivos.**

- As características dos seres vivos.
- Os compoñentes químicos: as biomoléculas inorgánicas e orgánicas.
- As funcións vitais: nutrición, relación e reprodución.
- As células e os seus tipos.
- A célula procariota.
- A célula eucariota.
- Os niveis de organización: tecidos, órganos, sistemas e aparellos.
- A clasificación dos seres vivos.
- O concepto de especie.
- Os cinco reinos.
- O reino Fungos: características xerais .
- Os tipos de fungos.
- O papel dos fungos na biosfera: enfermidades asociadas a fungos.
- O reino Protista. Os protozoos: características xerais e relación coas persoas e o medio.
- O reino Protistas. As algas. Clasificación das algas.
- O papel dos protistas na biosfera.
- Importancia ecolóxica e económica das algas.
- O reino Moneras.
- Os tipos de bacterias que existen. A nutrición das bacterias e a reprodución.
- A importancia das bacterias. Prevención de enfermidades producidas por bacterias.

### **UNIDADE 7: Os animais.**

- Que caracteriza os animais?
- A nutrición nos animais: a obtención de nutrientes.
- A nutrición nos animais: a respiración.
- Tipos de respiración: cutánea, branquial, traqueal, pulmonar.
- A excreción e a respiración.
- A relación nos animais: a coordinación
- Os órganos efectores e receptores.
- O sistema nervioso.
- O aparello locomotor: o esqueleto dos animais.
- A función de reprodución: asexual e sexual.
- A fecundación: desenvolvemento embrionario e postembrionario.
- As características dos animais vertebrados. Clases de vertebrados.
- Os peixes: características xerais, alimentación e reprodución.
- Os principais grupos de peixes.
- Os anfibios: características xerais e reprodución.
- Os principais tipos de anfibios.
- Os réptiles: principais características, a alimentación e a reprodución.
- Principais tipos de réptiles.
- As aves: características xerais, alimentación e reprodución.
- Os mamíferos: características xerais, alimentación e reprodución.
- O ser humano: un mamífero especial.

- .- A importancia dos vertebrados para as persoas.
- .- Características dos animais invertebrados. Principais grupos de invertebrados.
- .- Os poríferos e os cnidarios.
- .- Os platehelmintos, nematodos e anélidos.
- .- Os moluscos: gasterópodos, bivalvos e cefalópodos.
- .- Os artrópodos grupo a grupo.
- .- Os equinodermos.
- .- Os invertebrados e as persoas.
- .- A importancia dos animais invertebrados.

### **UNIDADE 8: As plantas.**

- .- O reino plantas.
- .- As plantas sen semente e as plantas con sementes.
- .- Os órganos vexetais: raíz, talo e follas.
- .- A nutrición nas plantas: a fotosíntese.
- .- A función de relación nas plantas: tropismos e nastias.
- .- A reprodución asexual nas plantas.
- .- A reprodución alternante nas plantas sen semente.
- .- A reprodución sexual nas plantas con semente.
- .- Comprensión de informacións, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación e mantemento dunha actitude favorable cara á lectura.

### **UNIDADE 9: Os ecosistemas.**

- .- Os compoñentes do ecosistema.
- .- A biocenose, o biótoto e as súas interaccións no ecosistema.
- .- Os diferentes ecosistemas terrestres: ecosistemas da zona polar, temperada e cálida.
- .- Os diferentes ecosistemas mariños: de auga doce e augas salgadas.
- .- O solo. Importancia do solo e os seus riscos. Contaminación, compactación e salinización.
- .- Principais ecosistemas de Galicia.
- .- As relacións entre o biótoto e a biocenose: o hábitat e o nicho ecolóxico.
- .- As formas de alimentación: as pirámides e as redes tróficas.
- .- As relacións no ecosistema: relacións intraespecíficas e interespecíficas.
- .- As características dos ecosistemas en equilibrio.
- .- Equilibrio entre produtores, depredadores e presas.
- .- Factores desencadeantes de desequilibrios.
- .- Os espazos naturais protexidos de Galicia.

## **3.3. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.**

### **UNIDADES 1-2. O universo e a Terra.**

Indicadores de logro	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
-Recoñece a estrutura do universo e as ideas principais sobre a súa orixe.	1. Coñecer os principais modelos do universo propostos ao longo da historia e explicar o modelo de universo en expansión.	1.1. Coñece o modelo xeocéntrico e o modelo heliocéntrico, e sitúalos no seu contexto histórico.	CCL, CMCT, CD

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñece os compoñentes do universo: galaxias, nebulosas e estrelas.</li> <li>-Describe a orixe, a estrutura, os compoñentes e as características xerais do Sistema Solar.</li> <li>- Relaciona os movementos da Terra cos ciclos diarios e anuais.</li> <li>- Comprende as informacións, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación e mantemento dunha actitude favorable cara á lectura.</li> <li>- Recoñece a forma da Terra e coñece a súa situación no sistema Solar.</li> <li>- Relaciona o movemento de rotación da Terra có os días e as noites.</li> <li>-Recoñece o movemento de translación da Terra.</li> </ul>		1.2. Explica o concepto actual de universo en expansión e a teoría do Big-Bang, e coñece os seus principais compoñentes: galaxias, nebulosas e estrelas.	CCL, CMCT, CD
	2. Coñecer os compoñentes do sistema solar e explicar a súa orixe.	2.1. Explica o concepto de unidade astronómica.	CMCT
		2.2. Describe as características do Sol, dos planetas, dos satélites e doutros corpos celestes que constitúen o sistema solar.	CCL, CMCT, CD
		2.3. Explica a orixe do sistema solar.	CCL, CMCT, CD, CSIEE
	3. Estudar as características da Terra como planeta, describir os seus movementos e explicar as consecuencias destes.	3.1. Describe a forma da Terra e coñece a súa situación no sistema solar.	CCL, CMCT, CD
		3.2. Describe o movemento de rotación da Terra e a súa consecuencia: a existencia do día e da noite.	CCL, CMCT, CD, CCEC
		3.3. Explica o movemento de translación da Terra e a súa consecuencia: as estacións do ano.	CCL, CMCT, CD, CCEC
	4. Coñecer as características da Lúa e os efectos que produce sobre a Terra.	4.1. Describe as características da Lúa e explica os seus movementos e as súas fases.	CCL, CMCT, CD, CCEC

<p>- Comprende o concepto de eclipse.</p> <p>- Explica o proceso de formación das mareas.</p> <p>- Observa, describe e expón as súas informacións sobre o firmamento, achegando o seu traballo individual ao grupo e respectando os traballos dos demais equipos.</p>		4.2. Define o concepto de eclipse e explica as eclipses de Lúa e as eclipses de Sol.	CCL, CMCT, CD
		4.3. Define marea, preamar e baixamar, e explica as causas que orixinan as mareas	CCL, CMCT, CD
	5. Comprender informacións e adquirir vocabulario sobre o universo, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos.	5.1. Comprende os textos e as diferentes informacións obtidas ao longo da unidade, adquire vocabulario sobre o universo, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos.	CCL, CMCT, CD
	6. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplícala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.	6.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	CCL, CMCT, CD, CAA
	7. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.	7.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE
	8. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas, describindo a súa execución e interpretando os seus resultados.	8.1. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumentando o proceso experimental seguido, describindo as súas observacións e interpretando os seus resultados.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE



- Deseña un mural sobre os movementos da Terra e da Lúa.	9. Utilizar diversos materiais, técnicas, códigos e recursos artísticos na realización de creacións propias.	9.1. Utiliza materiais e recursos artísticos para a realización de debuxos dos movementos da Terra e da Lúa.	CCL, CMCT, CD, CCEC
--	--	--	------------------------------

### UNIDADE 3: A xeosfera.

Indicadores de logro	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Describe as distintas capas que hai na Terra.</li> <li>- Describe as formas de relevo das zonas emerxidas.</li> <li>- A clasificación dos minerais.</li> <li>- Comprende que a litosfera está formada por placas</li> <li>- Comprende e adquire informacións, adquisición de vocabulario, uso da lingua como instrumento de comunicación e mantemento dunha actitude favorable cara á lectura.</li> <li>- Relaciona e coñece as principais propiedades dos minerais.</li> <li>- Relaciona as principais propiedades dos minerais.</li> </ul>	1. Coñecer as capas que se diferencian na Terra.	1.1. Coñece as distintas capas que hai na Terra e sabe cal é a súa composición.	CCL, CMCT, CD
	2. Identificar as distintas formas do relevo que aparecen na xeosfera tanto nas zonas emerxidas como nas somerxidas.	2.1. Recoñece e describe as formas de relevo das zonas emerxidas e somerxidas da xeosfera.	CCL, CMCT, CD
	3. Coñecer as capas que se diferencian na xeosfera e explicar as características da litosfera.	3.1. Coñece as capas que forman a xeosfera e sabe cales son as súas características.	CCL, CMCT, CD
		3.2. Comprende que é a litosfera e que son as placas litosféricas.	CCL, CMCT, CD
	4. Comprender que é un mineral e saber a súa relación coas rochas.	4.1. Comprende as características que debe ter unha substancia para ser considerada mineral.	CCL, CMCT, CD
	5. Coñecer as principais propiedades dos minerais que permiten a súa identificación.	5.1. Coñece as principais propiedades dos minerais e é capaz de utilizalas para identificar distintas mostras de minerais.	CCL, CMCT, CD, CSIEE
	6. Recoñecer os principais grupos nos que se clasifican os minerais.	6.1. Coñece os grupos nos que se clasifican os minerais e identifica exemplares de cada un deles	CCL, CMCT, CD,
	7. Coñecer os principais minerais da xeosfera que utilizamos e cales son as súas aplicacións.	7.1. Identifica os principais minerais da xeosfera que utilizamos e describe cales son as súas aplicacións.	CCL, CMCT, CD, CSC

<p>- Deseña un mural para explicar as principais características dos minerais.</p>	<p>8. Comprender informacións, e adquirir vocabulario sobre a xeosfera e os minerais que a constitúen, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos.</p>	<p>8.1. Comprende os textos e as diferentes informacións obtidas ao longo da unidade, adquire vocabulario sobre a xeosfera e os minerais que a constitúen, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos.</p>	<p>CCL, CMCT, CD</p>
<p>- Busca información en diferentes fontes, interprétaa, seleccionaaa e expón de forma clasificada.</p>	<p>9. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplícala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.</p>	<p>9.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.</p>	<p>CCL CMCT CD CAA</p>
<p>- Busca información en diferentes fontes, interprétaa, seleccionaaa e expón de forma clasificada.</p>	<p>10. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>10.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación, e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE</p>
<p>- Busca información en diferentes fontes, interprétaa, seleccionaaa e expón de forma clasificada.</p>	<p>11. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>11.1. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumentando o proceso experimental seguido, describindo as súas observacións e interpretando os seus resultados.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CSC</p>
<p>- Busca información en diferentes fontes, interprétaa, seleccionaaa e expón de forma clasificada.</p>		<p>11.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumentando o proceso experimental seguido, describindo as súas observacións e interpretando os seus resultados.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE</p>

	12. Elaborar traballos con pulcritude e sentido estético.	11.2. Utiliza imaxes e debuxos das capas da xeosfera e dos minerais.	CCL, CMCT, CD, CCEC
--	---	--	------------------------------

## **UNIDADE 4: A atmosfera**

Indicadores de logro	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Explica os principais gases que hai na atmósfera.</li> <li>- Relaciona as capas da atmosfera e as súas características.</li> <li>- Coñece o papel protector da atmosfera e o papel do ozono.</li> <li>- Recoñece a importancia do efecto invernadoiro.</li> <li>- Identifica os principais contaminantes da atmosfera.</li> <li>- Relaciona os efectos da contaminación cos principais contaminantes que a causan.</li> <li>- Identifica diferentes medidas</li> </ul>	1. Coñecer os principais compoñentes que hai na atmosfera e as capas que nela se diferencian.	1.1. Coñece cales son os principais gases que hai na atmosfera, a súa abundancia e a función que realiza cada un deles.	CCL, CMCT, CD
		1.2. Identifica as capas que se diferencian na atmosfera e describe as súas características.	CCL, CMCT, CD
	2. Coñecer as principais funcións que desempeña a atmosfera: protectora, fonte de gases necesarios para os seres vivos e reguladora da temperatura terrestre.	2.1. Explica o papel protector da atmosfera fronte ás radiacións solares e ao impacto de meteoritos.	CCL, CMCT, CD
		2.2. Coñece que gases atmosféricos son necesarios para a vida e o papel que desempeñan.	CCL, CMCT, CD, CSC
		2.3. Describe o efecto invernadoiro, mediante o cal a atmosfera regula a temperatura da superficie terrestre.	CCL, CMCT, CD
	3. Coñecer que é a contaminación atmosférica, os tipos de contaminantes que hai, os seus efectos sobre os seres vivos e o medio, e as medidas para	3.1. Coñece o fenómeno da contaminación atmosférica e os principais contaminantes que a causan.	CCL, CMCT, CD

contra a contaminación atmosférica.	reducilos.	3.2. Explica os efectos da contaminación atmosférica e as consecuencias que teñen para os seres vivos e o medio.	CCL, CMCT, CD, CSC
		3.3. Describe as medidas contra a contaminación atmosférica.	CCL, CMCT, CD, CSIEE, CSC
	4. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre os seres vivos, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos.	4.1. Comprende os textos e as diferentes informacións obtidas ao longo da unidade, adquire vocabulario sobre os seres vivos, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos.	CCL, CMCT, CD
	5. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.	5.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	CCL, CMCT, CD, CAA
	6. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.	6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación, e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE

	7. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas, describindo a súa execución e interpretando os seus resultados.	7.1. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumentando o proceso experimental seguido, describindo as súas observacións e interpretando os seus resultados.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE
	8. Utilizar diversos materiais, técnicas, códigos e recursos artísticos na realización de creacións propias.	8.1. Utiliza materiais e recursos artísticos para realizar exposicións para a toma de conciencia sobre a contaminación atmosférica.	CCL, CMCT, CD, CCEC

## UNIDAD 5: A hidrosfera

Indicadores de logro	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Explica os estados nos que se pode encontrar a auga.</li> <li>- Identifica a importancia dos océanos e dos mares na regulación do clima.</li> <li>- Describe o ciclo da auga.</li> <li>- Coñece en que consiste unha xestión sostible da auga e como xestionala de forma sostible.</li> <li>- Identifica e describe os termos do vocabulario científico, relacionados coa unidade.</li> <li>- Busca información en diferentes fontes,</li> </ul>	1. Coñecer os estados nos que se encontra a auga na Terra e as propiedades que a fan indispensable para a vida.	1.1. Describe os estados nos que se pode encontrar a auga.	CCL, CMCT, CD
		1.2. Coñece as propiedades máis importantes da auga.	CCL, CMCT, CD
	2. Distinguir entre as augas dos océanos, as dos mares e as continentais.	2.1. Describe a importancia dos océanos e dos mares na regulación do clima e como hábitat de seres vivos.	CCL, CMCT, CD
		2.2. Diferencia os tipos de augas continentais.	CCL, CMCT, CD
	3. Detallar como se leva a cabo o ciclo da auga na natureza.	3.1. Coñece o ciclo da auga e explica os cambios de estado que se producen neste.	CCL, CMCT, CD
	4. Describir o uso da auga que fai o ser humano e valorar a importancia de non contaminar a auga.	4.1. Relaciona as alteracións e o uso que se fai da auga coas consecuencias que pode ter para a vida na Terra.	CCL, CMCT, CD, CSC

<p>interpretaa, selecciónaa e expón de forma clasificada.</p> <p>-Transmite a información de xeito preciso.</p> <p>- Presenta traballos de forma limpa e ordenada.</p> <p>- Observa, describe e expón as súas observacións sobre o auga, achegando o seu traballo individual ao grupo e respectando os traballos dos demais.</p>	<p>5. Describir en que consiste unha xestión sostible da auga e como xestionala de forma sostible.</p>	<p>5.1. Coñece as actuacións que deben realizarse para xestionar a auga de forma sostible.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CSIEE, CSC</p>
	<p>6. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre os seres vivos, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos.</p>	<p>6.1. Comprende informacións, adquire vocabulario sobre a hidrosfera, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos referidos a estas.</p>	<p>CCL, CMCT, CD</p>
	<p>7. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, observar e interpretar imaxes, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.</p>	<p>7.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA</p>
	<p>8. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>8.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE</p>
	<p>9. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas, describindo a súa execución e interpretando os seus resultados.</p>	<p>9.1. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumentando o proceso experimental seguido, describindo as súas observacións e interpretando os seus resultados.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE</p>
	<p>10. Utilizar diversos materiais técnicos, códigos e recursos artísticos na realización de creacións propias.</p>	<p>10.1 Utiliza materiais e recursos artísticos para a realización das actividades da unidade.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CCEC</p>

## UNIDADE 6: Os seres vivos

Indicadores de logro	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñece que todos os seres vivos están formados polas mesmas substancias.</li> <li>- Describe as tres funcións viatis: nutrición, relación e reprodución.</li> <li>- Explica as características comúns de todos os seres vivos.</li> <li>- Coñece os principios da teoría celular.</li> <li>- Relaciona as características comúns a todas as células e establece as diferencias entre as células procariotas e as eucariotas.</li> <li>- Explica as diferenzas entre as células eucariotas e procariotas.</li> <li>- Comprende o concepto de taxonomía e coñece os principais taxons.</li> <li>- Relaciona os principais criterios para clasificar os seres vivos.</li> <li>- Explica os criterios para clasificar os seres vivos.</li> <li>- Comprende as diferencias entre a célula animal e vexetal.</li> </ul>	1. Describir as características da Terra que fan posible a vida.	1.1. Valora a importancia da existencia de temperaturas suaves e de auga líquida para a vida.	CCL, CMCT, CD, CSIEE
	1.2. Recoñece a necesidade de O <sub>2</sub> , de CO <sub>2</sub> e do solo como soportes para o desenvolvemento da vida.	CCL, CMCT, CD	
	2. Coñecer as características comúns a todos os seres vivos.	2.1. Recoñece que todos os seres vivos están formados polas mesmas substancias e por células.	CCL, CMCT, CD
	2.2. Explica as tres funcións vitais: nutrición, relación e reprodución. Diferencia entre nutrición autótrofa e heterótrofa e entre reprodución sexual e asexual.	CCL, CMCT, CD	
	3. Coñecer a teoría celular e diferenciar os distintos tipos de células.	3.1. Enuncia os principios da teoría celular.	CCL, CMCT, CD, CSC
	3.2. Cita as características comúns a todas as células e establece as diferenzas entre as células procariotas e as eucariotas.	CCL, CMCT, CD, CAA, CCEC	
	3.3. Establece as diferenzas entre a célula animal e a vexetal.	CCL, CMCT, CD, CCEC	
	4. Explicar os criterios para clasificar os seres vivos.	4.1. Define <i>taxonomía</i> e coñece os principais taxons.	CCL, CMCT, CD

<p>- Busca información en diferentes fontes, interprétaa, seleccionaa e expón de forma clasificada.</p> <p>- Identifica e describe os termos do vocabulario científico, relacionados coa unidade.</p>		4.2. Coñece o concepto de especie e como se nomean as especies.	CCL, CMCT, CD
	5. Diferenciar os niveis de organización dos seres vivos e coñecer a clasificación en cinco reinos.	5.1. Identifica os niveis de organización dos seres vivos.	CCL, CMCT, CD
		5.2. Enumera as características dos cinco reinos: o tipo celular, o nivel de organización e o tipo de nutrición.	CCL, CMCT, CD, CAA
	6. Comprender informacións, adquirir vocabulario sobre os seres vivos, expresar coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostrar interese pola lectura de textos.	6.1. Comprende os textos e as diferentes informacións obtidas ao longo da unidade, adquire vocabulario sobre os seres vivos, expresa coñecementos e opinións de forma oral e escrita, e mostra interese pola lectura de textos.	CCL, CMCT, CD
	7. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplícala a distintos contextos, e participar de forma activa no propio proceso de aprendizaxe.	7.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	CCL, CMCT, CD, CAA
	8. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.	8.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros ao autoavaliarse, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE



	9. Realizar un traballo experimental con axuda dun guiión de prácticas, describindo a súa execución e interpretando os seus resultados.	9.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, respecta e coida os instrumentos e o material empregado.	CCL, CMCT, CD, CSC
		9.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumentando o proceso experimental seguido, describindo as súas observacións e interpretando os seus resultados.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE
	10. Utilizar diversos materiais, técnicas, códigos e recursos artísticos na realización de creacións propias.	10.1. Utiliza materiais e recursos artísticos para a participación no concurso de debuxo sobre as células.	CCL, CMCT, CD, CCEC

### **Os reinos Moneras, Protoctistas e Fungos.**

Indicadores de logro	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
- Recoñece as características dos seres máis representativos do reino moneras.  - Describe os efectos perjudiciais e beneficiosos das bacterias.	1. Coñecer as características dos seres máis representativos do reino monera, e os efectos beneficiosos e prexudiciais que estes seres teñen sobre outros seres vivos e as persoas.	1.1. Describe as funcións vitais das bacterias.	CCL, CMCT, CD
		1.2. Identifica os diferentes tipos de bacterias.	CCL, CMCT, CD, CCEC
		1.3. Coñece os efectos que as bacterias teñen sobre outros seres.	CCL, CMCT, CD, CSC, CSIEE

- Relaciona as características dos protozoos e coñece os efectos que teñen para as persoas.	2. Coñecer as características xerais dos protozoos e das algas, describir as semellanzas e diferenzas existentes entre eles e identificar os efectos beneficiosos e prexudiciais que lles ocasionan a outros seres vivos e ao ser humano.	2.1. Describe as características dos protozoos e coñece os efectos que teñen para as persoas.	CCL, CMCT, CD, CSC
		2.2. Describe as características das algas e coñece os efectos beneficiosos que teñen para o ser humano.	CCL, CMCT, CD, CAA
		2.3. Recoñece as semellanzas e as diferenzas existentes entre os protozoos e as algas.	CCL, CMCT, CD, CAA
-Recoñece as características dos fungos.	3. Describir as características xerais dos fungos, identificar os principais tipos e coñecer os principais beneficios e prexuízos que ocasionan.	3.1. Describe as características dos fungos e identifica os principais grupos.	CCL, CMCT, CD
		3.2. Coñece os beneficios e os prexuízos que os fungos teñen para o ser humano.	CCL, CMCT, CD, CSC
- Principios de acondicionamento cardiopulmonar para a mellora do rendemento en actividades artísticas que requiran de traballo físico.
- Características, estrutura e funcións do aparello fonador.
- Principais patoloxías do sistema cardiopulmonar e as súas causas.
- Principais patoloxías que afectan o aparello fonador e as súas causas.
- Pautas e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación.

#### **UNIDADE 4. Os sistemas de coordinación e de regulación.**

- Sistema nervioso: características, estrutura e funcións. Movementos reflexos e voluntarios.
- Sistema endócrino: características, estrutura e funcións.

- .- Fisioloxía do sistema de regulación na práctica das actividades artísticas.
- .- A función hormonal na actividade física.
- .- Equilibrio hídrico, osmorregulación e termoregulación no corpo humano: mecanismos de acción.
- .- Relación dos sistemas de regulación do organismo coa actividade física e coas actividades artísticas.

**UNIDADE 5. O sistema locomotor.**

- .- Estrutura e funcionamento do sistema locomotor.
- .- Tipos de ósos, músculos e articulacións. Funcionamento nos movementos propios das actividades artísticas.
- .- Anatomía funcional.
- .- Fisioloxía muscular
- .- Biomecánica do movemento humano. Aplicación aos xestos motores das actividades artísticas.
- .- Adaptacións que se producen no sistema locomotor como resultado da práctica sistematizada de actividade física e de actividades artísticas.
- .- Alteracións posturais: identificación, causas e corrección.
- .- Hábitos saudables de hixiene postural na práctica das actividades artísticas.
- .- Lesións do aparello locomotor nas actividades artísticas. Hábitos saudables e prevención de lesións.
- .- Importancia do quecemento e da volta á calma na práctica de actividades artísticas.

**UNIDADE 6. Expresión e comunicación corporal.**

- .- Posibilidades artístico-expresivas e de comunicación do corpo e do movemento.
- .- Achegas das actividades artísticas corporais no desenvolvemento persoal do/da artista e da sociedade.
- .- Danza, teatro físico e outras manifestacións artísticas que lle permiten ao ser humano expresarse corporalmente.
- .- Toma de conciencia do corpo e do espazo. Elementos rítmicos. Focos expresivos do corpo.
- .- A linguaxe corporal como fonte de desenvolvemento creativo.

**10.3. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.**

**UNIDADE 1: Organización do corpo humano.**

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Interpretar o funcionamento do corpo humano como o resultado da integración anatómica e funcional dos elementos que conforman os seus niveis de organización e que o caracterizan como unha unidade estrutural e funcional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB2.1.1. Diferencia os niveis de organización do corpo humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB2.1.2. Describe a organización xeral do corpo humano utilizando diagramas e modelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB2.1.3. Especifica as funcións vitais do corpo humano, sinalando as súas características máis salientables.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB2.1.4. Localiza os órganos e os sistemas, e relaciónaos coas súas funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

## UNIDADE 2: O sistema de achega e utilización da enerxía.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.1. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, procurando fontes de información axeitadas e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB8.1.1. Compila información, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, de forma sistematizada e aplicando criterios de procura que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Argumentar os mecanismos enerxéticos que interveñen nunha acción motora, co fin de xestionar a enerxía e mellorar a eficiencia da acción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB5.1.1. Describe os procesos metabólicos de produción de enerxía polas vías aeróbica e anaeróbica, e xustifica o seu rendemento enerxético e a súa relación coa intensidade e a duración da actividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB5.1.2. Xustifica o papel do ATP como transportador da enerxía libre, asociándoo coa subministración continua e adaptada ás necesidades do corpo humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB5.1.3. Identifica tanto os mecanismos fisiolóxicos que conducen a un estado de fatiga física como os mecanismos de recuperación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Recoñecer os procesos de dixestión e absorción de alimentos e nutrientes, e explicar as estruturas orgánicas implicadas en cada un.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB5.2.1. Identifica a estrutura dos aparellos e dos órganos que interveñen nos procesos de dixestión e absorción dos alimentos e nutrientes, en relación coas súas funcións en cada etapa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB5.2.2. Distingue os procesos que interveñen na dixestión e na absorción dos alimentos e dos nutrientes, vinculándoos coas estruturas orgánicas implicadas en cada un.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Valorar os hábitos nutricionais que inciden favorablemente na saúde e no rendemento das actividades artísticas corporais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB5.3.1. Discrimina os nutrientes enerxéticos dos non enerxéticos, en relación cunha dieta sa e equilibrada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB5.3.2. Relaciona a hidratación co mantemento dun estado saudable, calculando o consumo de auga diario necesario en distintas circunstancias ou actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB5.3.3. Elabora dietas equilibradas, calculando o balance enerxético entre inxestión e actividade, e argumenta a súa influencia na saúde e no rendemento físico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB5.3.4. Recoñece hábitos alimentarios saudables e prexudiciais para a saúde, e saca conclusións para mellorar o benestar persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Identificar os trastornos do</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB5.4.1. Identifica os principais trastornos do</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

comportamento nutricional máis comúns e os efectos que teñen sobre a saúde.	comportamento nutricional e argumenta os efectos que teñen para a saúde.	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB5.4.2. Recoñece os factores sociais, incluíndo os derivados do propio traballo artístico que conducen á aparición nos trastornos do comportamento nutricional.</li> </ul>	▪ CSC

### **UNIDADE 3: O sistema cardiopulmonar.**

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Identificar o papel do sistema cardiopulmonar no rendemento das actividades artísticas corporais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB4.1.1. Describe a estrutura e a función dos pulmóns, detallando o intercambio de gases que ten lugar neles e a dinámica de ventilación pulmonar asociada.</li> </ul>	▪ CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB4.1.2. Describe a estrutura e a función do sistema cardiovascular, explicando a regulación e a integración de cada compoñente.</li> </ul>	▪ CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB4.1.3. Relaciona o latexo cardíaco, o volume e a capacidade pulmonar coa actividade física asociada a actividades artísticas de diversa índole.</li> </ul>	▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Relacionar o sistema cardiopulmonar coa saúde, recoñecendo hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB4.2.1. Identifica os órganos respiratorios implicados na declamación e no canto.</li> </ul>	▪ CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB4.2.2. Identifica a estrutura anatómica do aparello de fonación, e describe as interaccións entre as estruturas que o integran.</li> </ul>	▪ CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB4.2.3. Identifica as principais patoloxías que afectan o sistema cardiopulmonar en relación coas causas máis habituais e cos seus efectos nas actividades artísticas.</li> </ul>	▪ CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB4.2.4. Identifica as principais patoloxías que afectan o aparello de fonación en relación coas causas máis habituais.</li> </ul>	▪ CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB4.2.4.5. Recoñece hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá.</li> </ul>	▪ CMCCT

### **UNIDADE 4: Os sistemas de coordinación e de regulación**

Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábles	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.1. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, procurando fontes de información axeitadas e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB8.1.1. Compila información, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, de forma sistematizada e aplicando criterios de procura que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB8.1.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou difusión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.2. Aplicar destrezas de investigación experimentais sinxelas coherentes cos procedementos da ciencia, utilizándoas na resolución de problemas que traten do funcionamento do corpo humano, a saúde e a motricidade humana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB8.2.1. Aplica unha metodoloxía científica na formulación e na resolución de problemas sinxelos sobre algunhas funcións importantes da actividade artística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB8.2.2. Aмосa curiosidade, creatividade, actividade indagadora e espírito crítico, e reconece que son trazos importantes para aprender a aprender.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB8.2.3. Coñece e aplica métodos de investigación que permitan desenvolver proxectos propios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.3. Demostrar de xeito activo motivación, interese e capacidade para o traballo en grupo e para a asunción de tarefas e responsabilidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB8.3.1. Participa na planificación das tarefas, asumindo o traballo encomendado, e comparte as decisións tomadas en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB8.3.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras, e apoia o traballo das demais persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Recoñecer os sistemas de coordinación e regulación do corpo humano, especificando a súa estrutura e función.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB6.1.1. Describe a estrutura e as función dos sistemas implicados no control e na regulación da actividade do corpo humano, establecendo a asociación entre eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB6.1.2. Recoñece as diferenzas entre os movementos reflexos e os voluntarios, asociándoos ás estruturas nerviosas implicadas neles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB6.1.3. Interpreta a fisioloxía do sistema de regulación, indicando as interaccións entre as estruturas que o integran e a execución de actividades artísticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2. Identificar o papel do sistema neuroendócrino na actividade física, recoñecendo a relación entre todos os sistemas do organismo humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB6.2.1. Describe a función das hormonas e o importante papel que xogan na actividade física.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB6.2.2. Analiza o proceso de termorregulación e de regulación de augas e sales en relación coa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

	actividade física.	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB6.2.3. Valora os beneficios do mantemento dunha función hormonal para o rendemento físico do/da artista.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

## UNIDADE 5. O sistema locomotor.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Analizar os mecanismos que interveñen nunha acción motora, relacionándoos coa finalidade expresiva das actividades artísticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB1.1.1. Recoñece e enumera os elementos da acción motora e os factores que interveñen nos mecanismos de percepción, decisión e execución de determinadas accións motoras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB1.1.2. Identifica e describe a relación entre a execución dunha acción motora e a súa finalidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar as características da execución das accións motoras propias da actividade artística, e describir a súa achega á finalidade destas e a súa relación coas capacidades coordinativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB1.2.1. Detecta as características da execución de accións motoras propias das actividades artísticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB1.2.2. Propón modificacións das características dunha execución para cambiar o seu compoñente expresivo-comunicativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB1.2.3. Argumenta a contribución das capacidades coordinativas ao desenvolvemento das accións motoras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer a estrutura e o funcionamento do sistema locomotor humano en movementos propios das actividades artísticas, razoando as relacións funcionais que se establecen entre as súas partes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.1.1. Describe a estrutura e a función do sistema esquelético en relación coa mobilidade do corpo humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.1.2. Identifica o tipo de óso vinculándoo coa súa función.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.1.3. Diferencia os tipos de articulacións en relación coa mobilidade que permiten.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.1.4. Describe a estrutura e a función do sistema muscular, identificando a súa funcionalidade como parte activa do sistema locomotor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.1.5. Diferencia os tipos de músculo en relación coa súa función.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.1.6. Describe a fisioloxía e o mecanismo da contracción muscular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Analizar a execución de movementos aplicando os principios anatómicos funcionais, a fisioloxía muscular e as bases da biomecánica, e establecendo relacións razoadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.2.1. Interpreta os principios da mecánica e da cinética, aplicándoos ao funcionamento do aparello locomotor e ao movemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.2.2. Identifica os ósos, as articulacións e os músculos principais implicados en diversos movementos, utilizando a terminoloxía axeitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.2.3. Relaciona a estrutura muscular coa súa función na execución dun movemento e as forzas que actúan neste.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.2.4. Relaciona diferentes tipos de pancas coas articulacións do corpo humano e coa participación muscular nos seus movementos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.2.5. Clasifica os principais movementos articulares en función dos planos e dos eixes do espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.2.6. Argumenta os efectos da práctica sistematizada de exercicio físico sobre os elementos estruturais e funcionais do sistema locomotor, en relación coas actividades artísticas e os estilos de vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Valorar a corrección postural e identificar os malos hábitos posturais, co fin de traballar de forma segura e evitar lesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.3.1. Identifica as alteracións máis importantes derivadas do mal uso postural e propón alternativas saudables.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.3.2. Controla a súa postura e aplica medidas preventivas na execución de movementos propios das actividades artísticas, e valora a súa influencia na saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Identificar as lesións máis comúns do aparello locomotor nas actividades artísticas, en relación coas súas causas fundamentais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.4.1. Identifica as principais patoloxías e lesións relacionadas co sistema locomotor nas actividades artísticas, e xustifica as súas causas principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB3.4.2. Analiza posturas e xestos motores das actividades artísticas, aplicando os principios de ergonomía, e propón alternativas para traballar de forma segura e evitar lesións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

## UNIDADE 6. Expresión e comunicación corporal.

<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</p>	<p>CC</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.1. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, procurando fontes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ AAB8.1.1. Compila información, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación, de forma sistematizada e aplicando criterios de procura</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

<p>de información axeitadas e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns.</p>	<p>que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.</p>	
<p>▪ B8.2. Aplicar destrezas de investigación experimentais sinxelas coherentes cos procedementos da ciencia, utilizándoas na resolución de problemas que traten do funcionamento do corpo humano, a saúde e a motricidade humana.</p>	<p>▪ AAB8.1.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou difusión.</p>	<p>▪ CCL ▪ CD</p>
	<p>▪ AAB8.2.1. Aplica unha metodoloxía científica na formulación e na resolución de problemas sinxelos sobre algunhas funcións importantes da actividade artística.</p>	<p>▪ CMCCT ▪ CAA</p>
	<p>▪ AAB8.2.2. Aмосa curiosidade, creatividade, actividade indagadora e espírito crítico, e reconece que son trazos importantes para aprender a aprender.</p>	<p>▪ CAA ▪ CSIEE</p>
	<p>▪ AAB8.2.3. Coñece e aplica métodos de investigación que permitan desenvolver proxectos propios.</p>	<p>▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE</p>
<p>▪ B8.3. Demostrar de xeito activo motivación, interese e capacidade para o traballo en grupo e para a asunción de tarefas e responsabilidades.</p>	<p>▪ AAB8.3.1. Participa na planificación das tarefas, asumindo o traballo encomendado, e comparte as decisións tomadas en grupo.</p>	<p>▪ CAA ▪ CSIEE</p>
	<p>▪ AAB8.3.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras, e apoia o traballo das demais persoas.</p>	<p>▪ CAA ▪ CSC</p>
<p>▪ B7.1. Recoñecer as características principais da motricidade humana e o seu papel no desenvolvemento persoal e da sociedade.</p>	<p>▪ AAB7.1.1. Recoñece e explica o valor expresivo, comunicativo e cultural das actividades practicadas como contribución ao desenvolvemento integral da persoa.</p>	<p>▪ CSC ▪ CCEC</p>
	<p>▪ AAB7.1.2. Recoñece e explica o valor social das actividades artísticas corporais, desde o punto de vista tanto de practicante como de espectador.</p>	<p>▪ CSC ▪ CCEC</p>
<p>▪ B7.2. Identificar as accións que lle permiten ao ser humano ser capaz de expresarse corporalmente e de relacionarse co seu ámbito.</p>	<p>▪ AAB7.2.1. Identifica os elementos básicos do corpo e o movemento como recurso expresivo e de comunicación.</p>	<p>▪ CCEC</p>
	<p>▪ AAB7.2.2. Utiliza o corpo e o movemento como medio de expresión e de comunicación, e valora o seu valor estético.</p>	<p>▪ CSC ▪ CCEC</p>
<p>▪ B7.3. Diversificar e desenvolver as súas habilidades motoras específicas con fluidez, precisión e control, aplicándoas a distintos contextos de práctica artística.</p>	<p>▪ AAB7.3.1. Conxuga a execución dos elementos técnicos das actividades de ritmo e expresión ao servizo da intencionalidade.</p>	<p>▪ CCEC</p>
	<p>▪ AAB7.3.2. Aplica habilidades específicas expresivo-comunicativas para enriquecer as posibilidades de resposta creativa.</p>	<p>▪ CCEC ▪ CSIEE</p>

## 10.4. Temporalización

**1º Avaluación:** Unidades 1,2,3.

**2ª Avaluación:** Unidades 4,5, 6.

**3ª Avaluación:** Unidades 7, 8, 9.

## 10.5. Procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.

Os criterios de cualificación dos estándares AAB1.1.1, AAB1.1.2, AAB1.2.1, AAB1.2.2, AAB1.2.3, AAB2.1.1, AAB2.1.2, AAB2.1.3, AAB2.1.4, AAB3.1.1, AAB3.1.2, AAB3.1.3, AAB3.1.4, AAB3.1.5, AAB3.1.6, AAB3.2.1, AAB3.2.2, AAB3.2.3, AAB3.2.4, AAB3.2.5, AAB3.2.6, AAB3.3.1, AAB3.3.2, AAB3.4.1, AAB3.4.2, AAB4.1.1, AAB4.1.2, AAB4.1.3, AAB4.2.1, AAB4.2.2, AAB4.2.3, AAB4.2.4, AAB4.2.5 serán os seguintes

Avaluación	Procedementos	Instrumentos	Calificación
Procesual	Revisión das actividades realizadas durante as clases e casa	Observación	20%
Final	Proba escrita	Cuestións da proba	80%

Os criterios de cualificación dos estándares AAB5.1.1, AAB5.1.2, AAB5.1.3, AAB5.2.1, AAB5.2.2, AAB5.3.1, AAB5.3.2, AAB5.3.3, AAB5.3.4, AAB5.4.1, AAB5.4.2, AAB6.1.1, AAB6.1.2, AAB6.1.3, AAB6.2.1, AAB6.2.2, AAB6.2.3, AAB7.1.1, AAB7.1.2, AAB7.2.1, AAB7.2.2, AAB7.3.1 e AAB7.3.2 serán:

Avaluación	Procedementos	Instrumentos	Calificación	
Procesual	Revisión das actividades realizadas durante as clases e casa	Observación	5%	
	Realización de traballos de investigación	Traballo escrito	Rúbrica	7,5%
		Exposición	Rúbrica	7,5%
Final	Proba escrita	Cuestións da proba	80%	

Os criterios de cualificación dos estándares AAB8.1.1, AAB8.1.2, AAB8.2.1, AAB8.2.2, AAB8.1.1, AAB8.2.3, AAB8.3.1, AAB8.3.2, serán os seguintes:

Avaluación	Procedementos	Instrumentos	Calificación
------------	---------------	--------------	--------------

Procesual	Traballo de investigación	Rúbrica	100%
-----------	---------------------------	---------	------

A nota media da avaliación resultará da nota media dos estándares avaliados na mesma. Considerarase a avaliación como superada se dita media é igual a cinco ou superior. Non se fará media cando algún dos estándares teña unha nota igual a 3 ou inferior.

No caso daqueles estándares que sexan avaliados mediante unha proba escrita, o alumno/a que non a supere contará cunha proba de recuperación ao final da avaliación, que terá o mesmo valor que a proba escrita coa que se avaliaron. Aqueles estándares que non sexan avaliados mediante proba escrita, poderán ser recuperados ao longo do curso.

A nota final do curso resultará da nota media dos estándares avaliados. Considerarase a materia como superada se dita media é igual a cinco ou superior. Non se fará media cando algún dos estándares teña unha nota igual a 3 ou inferior.

Aqueles estándares que sexan traballados en dúas ou máis unidades levarán o valor da última das unidades traballadas.

Para o alumnado que non supere a materia en xuño, realizarase unha proba extraordinaria no mes de setembro, na que se avaliarán todos os estándares.

## **11. 2º Bacharelato Bioloxía**

### **11.1. Obxectivos**

#### **UNIDADE 1: Os compoñentes químicos da célula**

- Describir os diferentes tipos de enlaces químicos e a súa importancia biolóxica.
- Definir os conceptos de bioelemento e biomolécula, coñecer os principais bioelementos e as características do átomo de carbono.
- Clasificar as biomoléculas en inorgánicas e orgánicas, e coñecer as características das biomoléculas orgánicas.
- Explicar as características da molécula de auga, as súas propiedades e as súas funcións biolóxicas.
- Coñecer as funcións dos sales minerais nos seres vivos.
- Explicar o concepto de pH e describir as características do medio celular.

#### **UNIDADE 2: Os glúcidos**

- Identificar cal é a natureza química dos glúcidos, tendo en conta os monómeros que os compoñen.
- Destacar a importancia biolóxica que ten a presenza dos carbonos asimétricos e polo tanto a existencia de estereoisomería.
- Coñecer como se produce a formación do enlace O-glicosídico e describir as principais funcións dos monosacáridos.
- Identificar e saber formular os principais oligosacáridos e polisacáridos, explicando as súas principais funcións biolóxicas, así como a doutros compostos cuxa composición é mixta como os peptidoglicáns ou as glicoproteínas.
- Mostrar actitudes perseverantes e iniciativas desenvolvendo unha disposición que permita o traballo en grupo.

#### **UNIDADE 3: Os lípidos**

- Coñecer as características xerais dos lípidos, a súa clasificación e a función que realiza cada un deles.
- Recoñecer en esquemas a estrutura molecular dos diferentes tipos de lípidos e identificar neles as moléculas que os constitúen e os enlaces que as unen.
- Construír, a partir dos monómeros correspondentes, a estrutura molecular dos diferentes tipos de lípidos.
- Diferenciar na estrutura molecular dos lípidos anfipáticos, a rexión hidrófoba e a rexión hidrófila e coñecer as estruturas que estes lípidos crean cando están nun medio acuoso e resaltar a importancia que isto ten para os seres vivos.
- Adquirir un vocabulario técnico específico sobre os lípidos para expresar con corrección, de forma oral e escrita, os coñecementos adquiridos.
- Realizar unha actividade de experimentación, como a formación de xabón, describindo o proceso que se leva a cabo.

#### **UNIDADE 4: As proteínas e a acción enzimática.**

- Coñecer a estrutura molecular dos aminoácidos, as súas propiedades e os grupos en que se dividen.
- Comprender a formación do enlace peptídico e coñecer as súas características. Construír a partir dos monómeros correspondentes a estrutura lineal dunha proteína e sinalar nela a súa polaridade.
- Diferenciar os distintos tipos de estruturas que presentan as proteínas e coñecer os enlaces que estabilizan as devanditas estruturas.
- Explicar as principais propiedades que presentan as proteínas e as súas funcións máis importantes, e realizar unha clasificación destas atendendo á súa composición.
- Coñecer a natureza dos enzimas, e comprender o mecanismo de acción enzimática, e o efecto que sobre a cinética das reaccións enzimáticas teñen diversos factores como a concentración do substrato, a temperatura, o pH etc.

#### **UNIDADE 5: Os ácidos nucleicos**

- Recoñecer que os ácidos nucleicos están constituídos por monómeros chamados nucleótidos e diferenciar entre nucleósido, nucleótido e ácido nucleico.
- Coñecer os tipos de nucleótidos e ácidos nucleicos existentes, e a súa clasificación.
- Identificar a estrutura secundaria dos ácidos nucleicos e os enlaces que se establecen entre eles.
- Describir a estrutura secundaria dos ácidos nucleicos e os enlaces que se establecen entre eles.

.- Comprender o modelo dado para a estrutura do ADN, a complementariedade entre as bases, os diferentes niveis de complexidade existentes e as súas repercusións para a Bioloxía.

#### **UNIDADE 6: A célula e as envolturas celulares**

- .- Coñecer a teoría celular e o seu desenvolvemento en relación co progreso tecnolóxico.
- .- Diferenciar entre células procariotas e eucariotas, e comprender a orixe e a evolución celular.
- .- Explicar a orixe dos orgánulos celulares e establecer as diferenzas entre as células dos organismos autótrofos e heterótrofos.
- .- Coñecer a composición, a estrutura e as funcións da membrana plasmática, así como os mecanismos para levar a cabo as devanditas funcións.
- .- Diferenciar entre os distintos tipos de unión intercelulares.
- .- Coñecer a composición, a estrutura e as funcións dos diferentes tipos de paredes celulares.

#### **UNIDADE 7: Os orgánulos celulares (I)**

- .- Coñecer o citoplasma celular e os distintos elementos que se encontran nel, así como a estrutura e a función do citoesqueleto e as clases de filamentos que o integran.
- .- Diferenciar e coñecer as características e as funcións das estruturas formadas por microtúbulos, como o centrosoma, os cílios e os flaxelos.
- .- Coñecer a estrutura e a función dos ribosomas e as inclusións citoplasmáticas.
- .- Identificar os sistemas de endomembranas, como o retículo endoplasmático e o aparato de Golgi, comprendendo a súa estrutura, funcións e tipos.
- .- Identificar outros orgánulos non enerxéticos do sistema de endomembranas, como os lisosomas, os peroxisomas e os vacúolos, comprendendo a súa estrutura e función.

#### **UNIDADE 8: Os orgánulos celulares (II)**

- .- Coñecer o núcleo celular e a súa función.
- .- Diferenciar as súas estruturas en cada un dos seus dous estados.
- .- Coñecer a estrutura e a función das mitocondrias.
- .- Coñecer a estrutura e a función dos plastos, en especial, os cloroplastos.

#### **UNIDADE 9: O ciclo celular**

- .- Coñecer as fases do ciclo celular e as características esenciais de cada unha.
- .- Coñecer os factores de control do ciclo celular.
- .- Coñecer as fases da MITOSE e os seus acontecementos esenciais.
- .- Comprender as fontes de variabilidade xenética durante a meiose.
- .- Coñecer as fases da MEIOSE e os seus acontecementos esenciais.
- .- Comprender o concepto de apoptose e a súa relación co ciclo celular, así como con algúns procesos patolóxicos como o cancro.

#### **UNIDADE 10: O metabolismo I. O catabolismo**

- .- Describir o concepto de metabolismo e coñecer as características das reaccións metabólicas, do anabolismo e do catabolismo.
- .- Explicar a función do ATP como intermediario de enerxía do metabolismo e describir a función dos transportadores de electróns e de grupos.
- .- Definir o concepto de catabolismo e clasificar as células aerobias, anaerobias e facultativas.
- .- Describir as fases do catabolismo da GLICOSA: a glicólise, a descarboxilación do ácido pirúvico, o ciclo de Krebs e o transporte de electróns, e a fosforilación oxidativa; coñecer o seu balance enerxético e a súa localización celular.
- .- Explicar o concepto de fermentación, as células nas que se produce e as diferenzas coa respiración celular.
- .- Coñecer outras rutas metabólicas como a beta- oxidación.

#### **UNIDADE 11: O metabolismo (II). O anabolismo**

- .- Describir o concepto de anabolismo e coñecer algunhas rutas do anabolismo heterótrofo como a gliconeoxénese e a glicoxenoxénese.
- .- Explicar a ecuación xeral da FOTOSÍNTESE e diferenciar entre fotosíntese osixénica e anosixénica.
- .- Describir a fase luminosa da fotosíntese: a captación da luz, o transporte de electróns non cíclico e cíclico, e a

fotofosforilación; coñecer o seu balance enerxético e a súa localización celular.

- Explicar a fase oscura da fotosíntese ou ciclo de Calvin, a súa relación coa fase luminosa, o seu balance enerxético e a súa localización celular.
- Coñecer os factores que inflúen na fotosíntese.
- Explicar a quimiosíntese, coñecer as súas fases, a súa importancia ecolóxica e os organismos que a realizan.

#### **UNIDADE 12: Xenética mendeliana**

- Coñecer os conceptos xerais de xenética mendeliana.
- Explicar as leis de Mendel.
- Resolver problemas de xenética nos que se descubra o xenotipo a partir de cruzamentos con fenotipos coñecidos.
- Explicar a teoría cromosómica da herdanza.
- Coñecer as variacións máis importantes do modelo mendeliano.
- Comprender as características de herdanza ligada ao sexo.
- Coñecer e saber aplicar na resolución de problemas as enfermidades ligadas á herdanza dos cromosomas sexuais.

#### **UNIDADE 13: A base molecular da herdanza**

- Coñecer as evidencias que o ADN é portador da información xenética e definir os conceptos clásico e molecular do xene.
- Comprender como se leva a cabo a replicación e os enzimas que interveñen tanto en organismos procariotas como eucariotas.
- Coñecer o dogma central da bioloxía molecular e describir as fases do proceso da transcrición, explicando as diferenzas deste proceso en organismos procariotas e eucariotas.
- Precisar o concepto de código xenético e as súas características.
- Comprender o mecanismo da tradución.
- Describir como se produce a regulación da expresión xénica.
- Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar os problemas e de defender opinións, e desenvolver actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.

#### **UNIDADE 14: Xenética e evolución**

- Coñecer o concepto de mutación e a súa clasificación.
- Explicar os mecanismos de reparación do ADN.
- Explicar o DARWINISMO e o NEODARWINISMO.
- Saber calcular as frecuencias xenotípicas e xénicas.
- Comprender os postulados da lei de Hardy-Weinberg.
- Coñecer os factores que alteran as condicións dunha poboación ideal, segundo a lei de Hardy-Weinberg.
- Explicar as alternativas ao neodarwinismo.
- Comprender as evidencias da evolución.

#### **UNIDADE 15: Os microorganismos**

- Coñecer o concepto de virus, a súa composición, estrutura e tipos, así como a súa orixe e multiplicación.
- Diferenciar entre plásmidos, viroides e príons, e os tipos de enfermidades que producen.
- Coñecer as características das bacterias, a súa reprodución e os seus tipos.
- Diferenciar entre os protozoos e as algas, saber cales son as súas características e as clasificacións respectivas.
- Coñecer as características e os tipos de fungos.
- Explicar os ciclos BIOXEOQUÍMICOS do carbono e do nitróxeno.
- Comprender a relación dos microorganismos coas enfermidades infecciosas.
- Describir algunhas enfermidades infecciosas importantes, así como as vías de transmisión e a prevención da enfermidade infecciosa en xeral.

#### **UNIDADE 16: A biotecnoloxía**

- Comprender en que consiste a biotecnoloxía.
- Coñecer as técnicas da biotecnoloxía.
- Explicar as conclusións do PROXECTO XENOMA HUMANO.
- Comprender o concepto de clonación, os seus procesos e as súas aplicacións.

- Referir as aplicacións da biotecnoloxía na industria, na agricultura, no medio e na medicina.
- Coñecer os aspectos éticos e sociais da biotecnoloxía.

#### **UNIDADE 17: O sistema inmunitario**

- Coñecer os mecanismos defensivos que presenta o organismo fronte aos axentes patóxenos.
- Coñecer a composición do sistema inmunitario e describir as características e a función de cada un dos seus compoñentes.
- Comprender o funcionamento dos mecanismos de resposta inmune específicos e inespecíficos.
- Adquirir un vocabulario técnico específico sobre o sistema inmunitario para poder expresar con corrección, de forma oral e escrita, os coñecementos adquiridos.

#### **UNIDADE 18: As alteracións do sistema inmunitario.**

- Comprender o concepto de inmunidade, entender a importancia das vacinas na inmunidade dos individuos e comprender a diferenza que presentan cos soros.
- Coñecer as principais alteracións que pode presentar o sistema inmunitario e as causas ás que se deben.
- Valorar a importancia que ten o TRANSPLANTE de órganos para a poboación e coñecer o papel do sistema inmunitario no REXEITAMENTO destes.
- Comprender o papel que desempeña o sistema inmunitario no loita contra o CANCRO.
- Adquirir un vocabulario técnico específico sobre a inmunidade e as inmunopatoloxías para poder expresar con corrección, de forma oral e escrita, os coñecementos adquiridos na unidade.

## **11.2. Contidos.**

### **UNIDADE 1: Os compoñentes químicos da célula**

- Os enlaces químicos e a súa importancia en Bioloxía.
- Os bioelementos.
- Clasificación e funcións dos bioelementos.
- Características do átomo de carbono.
- As biomoléculas.
- Clasificación das biomoléculas.
- Os grupos funcionais.
- Estructura, propiedades físicoquímicas e funcións biolóxicas da auga e dos sales minerais.
- O equilibrio ácido-base.
- O pH e os sistemas amortecedores.
- As disolucións acuosas.
- A osmose e os fenómenos osmóticos nas células.

### **UNIDADE 2: Os glúcidos**

- Características xerais.
- Clasificación xeral de glúcidos.
- Estrutura e función.
- Os monosacáridos
  - Estrutura, composición química, propiedades e funcións.
  - Fórmulas dos monosacáridos máis importantes.
  - Localización dos carbono asimétricos.
  - O enlace O-glicosídico.
- Os disacáridos:
  - Nomenclatura e principais disacáridos.
  - Relación da presenza dun ou outro tipo de enlace O-glicosídico co poder reductor.
- Os polisacáridos:
  - Clasificación e funcións.
  - A estrutura dos principais polisacáridos.



### **UNIDADE 3: Os lípidos**

- .- Os lípidos:
  - .- Características, clasificación e funcións.
- .- Os ácidos graxos.
  - .- Clasificación e propiedades.
  - .- Identificación dos símbolos de ácidos graxos saturados e insaturados.
- .- Lípidos de reserva enerxética e protectores: os acilglicéridos e os céridos.
- .- Reaccións de esterificación e saponificación.
- .- Lípidos de membrana: fosfolípidos, glicolípidos e esteroides.
- .- Lípidos con outras funcións: terpenos, esteroides e prostaglandinas:
  - .- Análise da relación entre os terpenos e as vitaminas.
  - .- A relación entre o colesterol e as enfermidades cardiovasculares.

### **UNIDADE 4: As proteínas e a acción enzimática**

- .- Os aminoácidos: clasificación e propiedades.
- .- A fórmula dun aminoácido.
- .- Tipos de aminoácidos; neutros (apolares e polares).
- .- Os aminoácidos que presentan isomería.
- .- O enlace peptídico.
- .- As proteínas: estrutura, clasificación e función.
- .- Os niveis estruturais das proteínas.
- .- Os enzimas: características e mecanismos de acción enzimática.
- .- A formación do complexo enzima-sustrato.
- .- Cinética enzimática: regulación da actividade enzimática, o mecanismo de modificación covalente.
- .- Cálculo dos valores de KM e velocidade máxima a partir de gráficas de cinética enzimática.
- .- As vitaminas: clasificación e función.

### **UNIDADE 5: Os ácidos nucleicos**

- .- Os compoñentes dos ácidos nucleicos.
- .- Fórmulas dun nucleósido e dun nucleótido.
- .- O enlace N-glicosídico.
- .- O enlace fosfodiéster.
- .- O ADN: estrutura, composición, modelo de dobre hélice, representación esquemática dunha cadea indicando a súa polaridade.
- .- Complementariedade de bases dos nucleótidos nas cadeas de ADN.
- .- O ARN: estrutura e composición.
- .- A estrutura secundaria do ARNt.
- .- Derivados dos nucleótidos de interese biolóxico: ATP, NAD<sup>+</sup> e AMPc.

### **UNIDADE 6: A célula e as envolturas celulares**

- .- A teoría celular.
- .- O microscopio e outros métodos de estudo: técnicas microscópicas básicas que permitiron os avances no estudo das células co microscopio óptico.
- .- Os modelos de organización celular: as células procariotas e eucariotas (animal e vexetal).
- .- A membrana plasmática: composición, estrutura e funcións da membrana plasmática. O modelo do MOSAICO FLUÍDO.
- .- O transporte a través da membrana.
- .- A matriz extracelular e as paredes celulares.

### **UNIDADE 7: Os orgánulos celulares (I)**

- .- O hialoplasma como sede de reaccións metabólicas.
- .- O citoesqueleto: compoñentes e funcións.

- .- Os centríolos, os cilios e os flaxelos: estruturas e funcións biolóxicas.
- .- Os ribosomas e as inclusións citoplasmáticas: funcións dos ribosomas.
- .- O retículo endoplasmático: identificación do retículo endoplasmático en microfotografías electrónicas.
- .- O aparato de Golgi: identificación do aparato de Golgi en microfotografías electrónicas.
- .- Os lisosomas, os peroxisomas e os vacúolos.

### **UNIDADE 8: Os orgánulos celulares (II)**

- .- O núcleo celular. O núcleo interfásico. O núcleo en división.
- .- Estructura do núcleo.
- .- Tipos de cromosomas.
- .- Identificación do núcleo celular en microfotografías electrónicas.
- .- As mitocondrias: características das mitocondrias, identificación en microfotografías electrónicas.
- .- Os plastos: as características dos cloroplastos.

### **UNIDADE 9: O ciclo celular**

- .- Concepto e fases do ciclo celular.
- .- Representación gráfica da evolución do contido xenético ao longo do ciclo celular.
- .- A mitose. Fases da división celular.
  - .- As etapas da mitose.
- .- Estudo da meiose. Significado e fases.
  - .- As etapas da meiose.
  - .- O sobrecruzamento e as súas consecuencias.
- .- As diferenzas entre a mitose e a meiose.
- .- A regulación do ciclo celular. A apoptose.
- .- O crecemento celular.

### **UNIDADE 10: O metabolismo. O catabolismo.**

- .- O metabolismo: conceptos de metabolismo e ruta metabólica.
- .- As reaccións químicas do metabolismo: as reaccións exergónicas e endergónicas.
- .- As reaccións de oxidación-redución.
- .- Clasificación de moléculas segundo o seu estado de oxidación.
- .- As características do CATABOLISMO e do ANABOLISMO.
- .- Os intermediarios enerxéticos do metabolismo: a transferencia no metabolismo celular.
- .- Representación do ciclo do ATP.
- .- A glicólise: representación esquemática das etapas da oxidación da glicosa.
- .- A respiración celular: descarboxilación oxidativa do ácido pirúvico a acetil CoA.
- .- O ciclo de Krebs.
- .- Transporte de electróns e fosforilación oxidativa.
- .- Redemento enerxético da respiración aerobia.
- .- Fórmula da ecuación xeral da respiración celular e o balance enerxético.
- .- Outras rutas catabólicas: a oxidación dos ácidos graxos.
- .- Glicoxenólise.

### **UNIDADE 11: O metabolismo II. O anabolismo**

- .- O anabolismo. Rutas anabólicas comúns.
- .- Representación esquemática do anabolismo dos glúcidos, dos lípidos e das proteínas.
- .- A fotosíntese e as súas fases: a ecuación xeral da fotosíntese.
- .- A fase luminosa. A captación de luz. O transporte de electróns. A fotofosforilación.
- .- A fase escura: O ciclo de Calvin. O balance do ciclo de Calvin.
- .- Os factores que inflúen na fotosíntese. A fotorrespiración.
- .- Formulación do proceso da fotorrespiración.
- .- A quimiosíntese: representación esquemática do proceso xeral da quimiosíntese.
- .- A clasificación de organismos quimiosintéticos.

### **UNIDADE 12: A xenética mendeliana**

- Conceptos xerais da xenética mendeliana.
- Cromosomas homólogos e non homólogos.
- Os traballos de Mendel. Os experimentos de Mendel. As leis de Mendel.
- A teoría cromosómica da herdanza.
- Variacións da herdanza mendeliana: relación de dominancia, interaccións xénicas, alélismo múltiple e herdanza polixénica.
- A xenética do sexo. Determinación do sexo. Herdanza ligada ao sexo.
- Emprego de métodos estadísticos para analizar os resultados de diferentes tipos de cruzamentos en relación coa herdanza ligada ao sexo.

### **UNIDADE 13: A base molecular da herdanza**

- Evidencias do ADN como portador da información xenética.
- Os experimentos de Griffith, Hershey e Chase.
- O dogma central da bioloxía molecular.
- Estrutura dos xenos. Definición clásica e molecular.
- A replicación do ADN. Os mecanismos de replicación en procariotas e eucariotas.
- A transcrición: fases da transcrición.
- O código xenético: características.
- A tradución: as etapas da tradución.
- A regulación da expresión xénica en procariotas e en eucariotas.
- O operón.
- O mecanismo de regulación da expresión xénica.

### **UNIDADE 14: Xenética e evolución**

- As mutacións. Os mecanismos de reparación do ADN. As mutacións e a evolución.
- Elaboración de mapas conceptuais que mostren a clasificación dos diferentes tipos de mutacións.
- Os mecanismos de reparación do ADN.
- EVOLUCIÓN por selección natural. O DARWINISMO.
- Mutacións e evolución. O neodarwinismo.
- Xenética de poboacións.
- Frecuencias xénicas e xenotípicas.
- Lei de Hardey-weinberg.
- Alternativas ao neodarwinismo: teoría dos equilibrios interrompidos.
- As probas da EVOLUCIÓN.

### **UNIDADE 15: Os microorganismos**

- Os virus: organización dos virus, clasificación.
- Outras formas acelulares: plásmidos, viroides e prións.
- Os microorganismos do reino moneras: as eubacterias e as arqueobacterias.
- Diferenzas entre a estrutura dun virus e dunha bacteria.
- Os microorganismos do reino protista: os protozoos e as algas.
- Os microorganismos do reino fungos.
- Os microorganismos e os ciclos bioxeoquímicos: o ciclo do carbono e do nitróxeno.
- As enfermidades infecciosas.
- Indicación dos diferentes modos de actuación bacteriana e de transmisión dos patóxenos.
- As técnicas de esterilización: técnicas

### **UNIDADE 16: A biotecnoloxía**

- Os procesos biolóxicos tradicionais e as novas biotecnoloxías
  - A evolución da biotecnoloxía.
  - A formación dos anticorpos monoclonais.
  - O funcionamento dos encimas de restrición.
- As técnicas en enxeñería xenética: construción dun ADN recombinante, amplificación do ADN, secuenciación do

- ADN e transferencia nuclear.
- .- A clonación bacteriana.
- ., A secuenciación dun xenoma.
- .- As aplicacións da biotecnoloxía:
  - .- Aspectos éticos e sociais da biotecnoloxía.
- .- Repercusións sociais e valoracións éticas da biotecnoloxía.

### **UNIDADE 17: O sistema inmunitario**

- .- Os mecanismos defensivos do organismos.
- .- A composición do sistema inmunitario:
  - .- Os órganos e tecidos linfoides.
  - .- As células inmunocompetentes.
  - .- As moléculas do sistema inmunitario
- .- Os antíxenos e os anticorpos
  - .- Estrutura dun anticorpo.
  - .- A opsonización
- .- A resposta inmune INESPECÍFICA: a reacción inflamatoria e a activación do sistema de complemento.
- .- A resposta inmune ESPECÍFICA: a resposta celular e a resposta humoral.

### **UNIDADE 18: As alteracións do sistema inmunitario**

- .- A inmunidade e os seus tipos:
  - .- A inmunidade ADQUIRIDA PASIVA: os soros.
  - .- A inmunidade ADQUIRIDA ACTIVA: as vacinas.
- .- As enfermidades autoinmunes.
- .- As inmunodeficiencias: a sida.
- .- A estrutura do virus da sida.
- .- A reacción de hipersensibilidade. As alerxias.
- .- As distintas etapas dunha reacción alérxica.
- .- Os transplantes e o sistema inmunitario.
- .- Compatibilidade e incompatibilidade entre os grupos sanguíneos.
- .- O cancro e o sistema inmunitario.

## **11.3. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe**

### **UNIDADE 1: Os compoñentes químicos da célula**

a c e f h i k l p	B4.1. Interpretación, análise e utilidade das medidas de centralización (media, moda, mediana e cuartís) e dispersión (rango, percorrido intercuartilico e desviación típica). B4.2. Comparación de distribucións mediante o uso conxunto de medidas de posición e dispersión. B4.3. Análise crítica de táboas e gráficas estadísticas nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE etc.). B4.4. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estadísticos.	B4.1. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE etc.).	B4.1.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas coa estatística.	CCL CMCCT	
			B4.1.2. Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos estadísticos.	CSIEE CCL CMCCT	
			B4.1.3. Calcula e interpreta as medidas de centralización e dispersión utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador).	CMCCT CD	
e f h i j k l	B4.5. Azar e probabilidade, frecuencia dun suceso aleatorio. B4.6. Cálculo de probabilidades. Regra de Laplace e diagramas de árbore sinxelos.	B4.2. Estimar a probabilidade de que aconteza un suceso asociado a un experimento aleatorio sinxelo, calculando a súa probabilidade a partir da súa frecuencia relativa, a regra de Laplace ou os diagramas de árbore, identificando os elementos asociados ao experimento.	B4.2.1. Identifica os experimentos aleatorios e distingúeos dos deterministas.	CMCCT	
			B4.2.2. Utiliza o vocabulario axeitado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar.	CMCCT CCL	
			B4.2.3. Asigna probabilidades a sucesos en experimentos aleatorios sinxelos cuxos resultados son equiprobables, mediante a regra de Laplace, enumerando os sucesos elementais, táboas ou árbores ou outras estratexias persoais.	CMCCT	
			B4.2.4. Toma a decisión correcta tendo en conta as probabilidades das distintas opcións en situacións de incerteza.	CSIEE CSC CMCCT	
Bloque 5: A orixe e evolución da Terra e da vida					

a j k l i	B5.1. Organización do universo e do sistema solar. Factores que determinan a posición dun planeta no sistema solar.	B5.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do universo, a formación e a evolución das galaxias.	B5.1.1. A partir da procura de información en diferentes fontes identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.	CMCCT CD CAA CMCCT
		B5.2. Expor a organización do universo e do sistema solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	B5.2.1. Recoñece os compoñentes do universo e do sistema solar e describe as súas características xerais.	
a g j k l	B5.2. Orixe e historia da Terra. Tempo xeolóxico: ideas históricas sobre a idade da Terra. Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia.	B5.3. Recoñecer e contrastar feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante.	B5.3.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.	CAA CSIEE
		B5.4. Categorizar e integrar os procesos xeolóxicos máis importantes da historia da Terra.	B5.4.1. Recoñece os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra e identifica a importancia dos fósiles guía para datar os devanditos acontecementos.	CMCCT CCEC
j k l	B5.3. Modelos que explican a estrutura e a composición da Terra: xeoquímico e dinámico.	B5.5. Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	B5.5.1. Identifica e compara a partir de esquemas e gráficos os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	CMCCT
a g i j k l	B5.4. A tectónica de placas e as súas manifestacións.	B5.6. Integrar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas.	B5.6.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.	CMCCT CSIEE
		B5.7. Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres.	B5.7.1. Investiga e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.	CAA CD
			B5.7.2. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos e fenómenos naturais producidos nos contactos de placas.	CAA CSC
a i j k l m	B5.5. Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra. Probas e teorías da evolución dos seres vivos. A evolución humana. Importancia do xacemento de Atapuerca.	B5.8. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	B5.8.1. Investiga e distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo, utilizando diferentes fontes de información.	CMCCT CD
		B5.9. Describir a hominización e interpretar a importancia do xacemento de Atapuerca no coñecemento da evolución humana.	B5.9.1. Recoñece e describe as fases da hominización e identifica a importancia do xacemento de Atapuerca.	CMCCT CSC
Bloque 6: A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos				
l j k	B6.1. Características da materia viva e diferenzas coa materia inerte. Niveis de organización da materia viva.	B6.1. Describir os elementos e compostos que forman parte dos seres vivos e os niveis de organización da materia.	B6.1.1. Compara a abundancia relativa dos elementos do universo, na atmosfera e nos seres vivos e enumera os tipos de moléculas que forman os seres vivos.	CMCCT

a e f g i j k l	B6.2. Características básicas da célula. Tipos de células: procariota e eucariota (animal e vexetal). Principais estruturas celulares e as súas funcións.	B6.2. Recoñecer que todos os seres vivos están formados por células, caracterizadas por realizar funcións vitais: nutrición (autótrofa e heterótrofa); relación e reprodución.	B6.2.1. Identifica e compara a partir de esquemas e debuxos a célula procariota e a eucariota e dentro desta última, una célula animal dunha vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.	CMCCT CAA
			B6.2.2. Analiza a importancia que ten cada unha das funcións vitais (nutrición, relación e reprodución) no mantemento da vida.	
			B6.2.3. Compara a nutrición autótrofa e heterótrofa sinalando a relación existente entre ambas as dúas e a importancia da nutrición autótrofa para o conxunto dos seres vivos.	
b c e g j k l	B6.3. O ciclo celular. Estudo e organización do núcleo celular segundo as fases do ciclo celular: estrutura da cromatina e cromosomas.	B6.3. Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular.	B6.3.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular, diferenciando a estrutura dun cromosoma e da cromatina.	CMCCT CCEC
	B6.4. Importancia e significado biolóxico da división celular: mitose e meiose.	B6.4. Formular e identificar os tipos de división celular: mitose e meiose, e revisar o seu significado e importancia biolóxica.	B6.4.1. Describe e establece as diferenzas entre a mitose e a meiose e explica o seu significado biolóxico.	
a f e g j k l	B6.5. Expresión da información xenética. Concepto de xene e código xenético. Significado das mutacións e relacións coa evolución.	B6.5. Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética: ácidos nucleicos e xenes.	B6.5.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene, cromosoma e cariotipo.	CMCCT
			B6.5.2. Ilustra os mecanismos da expresión xenética.	
		B6.6. Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.	B6.6.1. Explica en que consiste unha mutación e relación a súa presenza coa diversidade xenética.	CMCCT CCEC CCL
a b c f o m	B6.6. Significado da herdanza: principios básicos. Coñecer algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.	B6.7. Formular os principios básicos da herdanza e recoñecer a súa base cromosómica. Coñecer como se produce a herdanza do sexo e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.	B6.7.1. Recoñece como se produce a herdanza, utilizando como modelo a herdanza do sexo e identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.	CMCCT CAA CCEC
c d i g h m o p	B6.7. Aplicacións da enxeñaría xenética: clonación, organismos modificados xeneticamente. Implicacións sociais.	B6.8. Identificar as técnicas da enxeñaría xenética e do proceso de clonación.	B6.8.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.	CSC
		B6.9. Recoñecer as aplicacións da clonación e dos organismos modificados xeneticamente (OMX) e valorar as súas aplicacións.	B6.9.1. Interpreta e valora as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía (no campo da agricultura, na gandaría, no ambiente, na saúde, entre outros). Investiga sobre exemplos cotiáns.	CSC CCEC CD

Bloque 7: As persoas e a saúde. Promoción da saúde				
a c f i j k o	B7.1. Visión global das funcións vitais e os aparellos e sistemas implicados no ser humano. Hábitos e estilos de vida saud- ables. Consecuencias para o individuo e a sociedade de seguir condutas de risco.	B7.1. Describir os niveis de organización do organismo humano e as funcións vitais en que participan.	B7.1.1. Sinala os distintos niveis de organización do corpo humano analizando a estrutura xerárquica que se establece desde o nivel celular ata o de organismo.	CMCCT CAA
			B7.1.2. Identifica os sistemas e aparellos implicados en cada unha das funcións vitais.	
			B7.1.3. Investiga sobre as implicacións dos hábitos para a saúde e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promovelos tanto individual como colectivamente.	CAA CSC CD
e j k l o	B7.2. Función de nutrición. Visión global e integradora de aparellos e procesos que interveñen na nutrición. Compoñentes e funcionamento dos aparellos dixes- tivo, respiratorio, circulatorio e excretor.	B7.2. Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela.	B7.2.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónaos coa súa contribución no proceso.	CMCCT CAA
		B7.3. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado.	B7.3.1. Recoñece os compoñentes e a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.	CMCCT
a d f i j k l o	B7.3. Diferenza entre alimentación e nutrición e coñecemento dos principais nutrientes e as súas funcións básicas. Dieta e saúde. Dieta equilibrada. Importancia dunha boa alimentación. Doenzas producidas por trastornos da conduta alimentaria: factores de risco e prevención.	B7.4. Recoñecer a diferenza entre alimen- tación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.	B7.4.1. Diferencia o proceso de nutrición do proceso de alimentación.	CMCCT CSC
			B7.4.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo e recoñece hábitos nutricionais saudables.	
		B7.5. Relacionar as dietas coa saúde a través de exemplos prácticos e argumentar a impor- tancia dunha boa alimentación e do exercicio físico na saúde, e identificar as doenzas e os trastornos principais da conduta alimentaria.	B7.5.1. Deseña hábitos nutricionais saudables medi- ante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes princi- pais presentes neles e o seu valor calórico, empregan- do para iso diferentes fontes de información.	CAA CD CSC
			B7.5.2. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.	CAA CSC
e j k l	B7.4. Función de relación. Visión global e integradora dos sistemas, aparellos e órganos implicados.	B7.6. Explicar os procesos fundamentais da función de relación, utilizando esquemas gráfi- cos dos aparatos que interveñen nela.	B7.6.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos e os sistemas implicados na función de relación e relaciónaos coa súa contribución no proceso.	CMCCT CAA
a e f j k l o	B7.5. Organización e funcionamento coordinados do sistema nervioso ante diferentes estímulos. Doenzas comúns do sistema nervioso: causas, factores de risco e prevención. Alteracións produci- das por distintos tipos de substancias adi- tivas (alcohol, tabaco, heroína,	B7.7. Describir os procesos implicados na función de relación e os sistemas e apare- llos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e a necesidade do seu	B7.7.1. Describe e especifica a función de cada apare- llo e de cada sistema implicado na función de relación.	CMCCT
			B7.7.2. Clasifica os tipos de receptores sensoriais e rel-	

p	cánnabis).	coidado.	aciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.	
		B7.8. Explicar a misión integradora do sistema nervioso ante diferentes estímulos e describir o seu funcionamento e as doenzas e alter- accións máis comúns.	B7.8.1. Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.	CMCCT CSC
		B7.9. Recoñecer os efectos que as diferentes drogas teñen sobre a saúde e a autoestima das persoas.	B7.9.1. Enumera as características que presenta unha substancia para ser considerada droga e analiza as consecuencias fisiolóxicas, psicolóxicas e sociais do seu consumo.	CAA CSC CCEC
j k l o	B7.6. Asociación das principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa función. Principais alteracións.	B7.10. Asociar as principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa función.	B7.10.1. Identifica a partir de esquemas e gráficos as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.	CMCCT CAA
			B7.10.2. Relaciona determinados problemas de saúde co déficit ou exceso de produción dunha hormona específica.	CMCCT CSC
e j k l o p	B7.7. Organización e relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso. Alteracións frecuentes e prevención das lesións.	B7.11. Identificar os principais ósos e músculos do aparello locomotor e analizar as relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	B7.11.1. Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor e diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.	CMCCT CAA
		B7.12. Controlar os riscos asociados a actividades físico-deportivas e detallar as lesións máis frecuentes no aparello locomotor e como se prevenen.	B7.12.1. Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaos coas lesións que producen.  B7.12.2. Aplica fundamentos de hixiene postural na práctica de actividades físicas e en tarefas cotiás como medio para previr lesións.	CMCCT CSC
j k l o	B7.8. Función de reprodución. Sexualidade e reprodución. Compoñentes e funcionamento do aparello reprodutor humano. Cambios físicos e psíquicos na adolescencia. Resposta sexual humana. Sexo e sexualidade.	B7.13. Describir os aspectos básicos da reprodución diferenciándoa da sexualidade e valorar os hábitos sexuais saudables como aspectos básicos da saúde física, mental e social.	B7.13.1. Explica e diferencia o proceso reprodutivo, como forma de garantir a perpetuación da especie, da sexualidade, considerada como unha forma de comunicación afectiva e persoal.	CMCCT CSC CCL
			B7.13.2. Interpreta esquemas nos que se representan os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino e especifica a súa función.	CMCCT CAA
			B7.13.3. Describe a función das hormonas nos procesos que se producen ao longo do desenvolvemento físico e psíquico do ser humano en relación coa súa sexualidade.	CMCCT
e j k l	B7.9. Métodos anticonceptivos: clasificación segundo a súa eficacia e recoñecemento da importancia dalgúns deles na prevención de doenzas de	B7.14. Comprender o funcionamento dos métodos anticonceptivos e valorar o uso de métodos de	B7.14.1. Compara a eficacia dos distintos métodos anticonceptivos e analiza os factores persoais e sociais que poden determinar o seu	CMCCT CSC CCEC

o	transmisión sexual. Saúde e hixiene sexual.	prevención de doenzas de trans- misión sexual.	uso.	
			B7.14.2. Explica as medidas que se deben tomar para evitar o contaxio das enfermidades de transmisión sexual.	CMCCT CSC CCL
a b f i o p	B7.10. Coñecemento das técnicas de reprodución asistida e de fecundación <i>in vitro</i> para argumentar o beneficio que supuxo este avance científico para a sociedade.	B7.15. Coñecer as principais técnicas de reprodución asistida e de fecundación <i>in vitro</i> .	B7.15.1. Investiga e valora sobre as principais técnicas de reprodución asistida razoando en que casos se deben aplicar e os beneficios que supuxo este avance científico para a sociedade.	CSC CAA CD CCEC
e j k l o	B7.11. Significado de saúde e doenza e factores que os determinan. Os microorganismos: bacterias e virus. A súa importancia. Diferenciación das doenzas (infecciosas e non infecciosas).	B7.16. Diferenciar os conceptos de saúde e enfermidade segundo a OMS e descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que as determinan.	B7.16.1. Identifica a correlación existente entre algúns factores físicos, psíquicos e sociais e enfermidades relacionadas con estes factores.	CMCCT CSC
			B7.16.2. Establece diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado e deseña propostas de actuación.	CSC CSIEE
		B7.17. Clasificar as doenzas e determinar as doenzas infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan a poboación.	B7.17.1. Explica a diferenza entre enfermidades infec- ciosas e non infecciosas, transmisibles e non trans- misibles, citando exemplos comúns, e relaciónaas coas súas causas.	CMCCT CCL
			B7.17.2. Enumera os tipos de microorganismos capa- ces de provocar enfermidades e explica como defen- derse para evitar que se produza unha enfermidade.	CMCCT CSC
j k l o p	B7.12. Determinación do funcionamento básico do sistema inmune. Prevención e curación de doenzas: vacinas, soros e antibióticos. Uso responsable dos medicamentos.	B7.18. Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as continuas contribucións das ciencias biomédicas, e describir a impor- tancia do uso responsable dos medicamentos.	B7.18.1. Explica en que consiste o proceso de inmu- nidade e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.	CMCCT CSC CCL
			B7.18.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns e medidas para facer un uso responsable dos medica- mentos.	CSC CCEC
a b c g l o	B7.13. Medidas positivas para a mellora da saúde: hábitos e estilos de vida sau- dables. Doazón de células e órganos.	B7.19. Recoñecer e transmitir a importancia que ten a prevención como práctica habitual e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas.	B7.19.1. Recoñece que hábitos son adecuados ou inadecuados para manter un estado óptimo de saúde e para previr enfermidades e mellorar a calidade de vida e xustifica con exemplos as eleccións que se poden realizar para promover eses hábitos de forma individual e colectiva.	CSC CAA CSIEE
		B7.20. Identificar as consecuencias positivas da doazón de células, sangue e órganos.	B7.20.1. Xustifica a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.	CSC CCEC
Bloque 8: Ecoloxía e ambiente. Xestión sustentable do planeta				

a b c j k l m n p	B8.1. Dinámica do ecosistema. Ciclo da materia e fluxo de enerxía. Transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica, e consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano.	B8.1. Expresar como se produce a transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica e deducir as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano.	B8.1.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas e valora a súa importancia para a vida en xeral e o seu mantemento.	CMCCT CSC
			B8.1.2. Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.	CAA CSIEE
		B8.2. Relacionar as perdas enerxéticas producidas en cada nivel trófico co aproveitamento dos recursos alimentarios do planeta desde un punto de vista sustentable.	B8.2.1. Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, valorando criticamente a súa importancia utilizando contextos próximos.	CMCCT CAA CSC
b c e k	B8.2. Factores que desencadean desequilibrios nos ecosistemas e estratexias para restablecer o seu equilibrio.	B8.3. Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o seu equilibrio.	B8.3.1. Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	CMCCT CAA
a f i j k m p	B8.3. Impactos das actividades humanas nos ecosistemas: problemas de contaminación ambiental actuais. Repercusión da actividade humana sobre a atmosfera, a auga e o solo. Actitudes que contribúan á súa solución.	B8.4. Recoñecer as actividades humanas que contribúen aos principais problemas do ambiente.	B8.4.1. Identifica os principais problemas do ambiente que afectan o planeta.	CSC CSIEE
		B8.5. Contrastar algunhas actuacións humanas sobre diferentes ecosistemas, valorar a súa influencia e argumentar as razóns de certas actuacións individuais e colectivas para evitar a deterioración da atmosfera, a auga e o solo.	B8.5.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación da atmosfera, da auga e do solo, desertización, esgotamento de recursos etc.	CMCCT CCL CCEC CSC
			B8.5.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.	CMCCT CSIEE CCL CD
b c d e j k l	B8.4. Os residuos e a súa xestión. Procesos de tratamento de residuos e a xestión que dos residuos se fai no seu contorno próximo. Importanciada recollida selectiva de residuos e a súa repercusión no ámbito familiar e social. Actitudes que contribúan a diminuír os residuos que xeramos: regra dos tres R.	B8.6. Concretar procesos de tratamento de residuos e describir a xestión que dos residuos se fai no seu contorno próximo.	B8.6.1. Describe os procesos de tratamento de residuos e valora criticamente a súa recollida selectiva.	CSC CSIEE
		B8.7. Contrastar argumentos a prol da recollida selectiva de residuos e repercusión na esfera familiar e social da importancia de practicar a regra dos tres R.	B8.7.1. Argumenta os pros e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais, utilizando para iso distintas fontes de información.	CSC CAA CD

a b c f k p	B8.5. Uso das enerxías renovables como factor fundamental para un desenvolvemento sustentable. Consecuencias ambientais do consumo humano de enerxía. Actitudes que contribúan a diminuír o consumo de enerxía.	B8.8. Asociar a importancia da utilización das enerxías renovables no desenvolvemento sustentable.	B8.8.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.	CSC CCEC CAA
----------------------------	---	--	--	--------------------

### 13.4. Temporalización

O desenvolvemento das unidades estará supeditado ás necesidades do grupo, segundo sexa preciso invertir máis tempo para acadar uns ou outros estándares. As unidades correspondentes a cada módulo son as seguintes:

- Módulo III: setembro - febreiro. Unidades 2,3,4,7.
- Módulo IV: febreiro – maio. Unidades 1,5,6,8

### 13.5. Contidos Mínimos

1. Comprensión de que a célula é a unidade estrutural e funcional dos seres vivos.
2. Recoñecemento ao material xenético (ADN) como portador da información hereditaria.
3. Coñecemento da principal diferenza entre as células procariotas e as eucariotas.
4. Identificación en debuxos das principais estruturas celulares.
5. Relación dos orgánulos celulares coas súas funcións biolóxicas.
6. Diferenciación dos dous procesos de división nuclear: mitose e meiose.
7. Realización de operacións cos decimais e fraccións.
8. Representación dos números racionais nunha recta.
9. Utilización da notación numérica científico-exponencial e realización de operacións con estes números.
10. Realización correcta do arredondamento das cifras.
11. Identificación de substancias de uso cotián como sólidos, líquidos ou gases, diferenciando os tres estados de agregación da materia polas súas propiedades.
12. Recoñecemento das substancias puras e as mesturas en produtos de uso habitual.
13. Coñecemento dalgunhas das técnicas empregadas para separar os compoñentes dunha mestura.
14. Comprensión do concepto de concentración dunha disolución mediante o cálculo e expresión da mesma en casos concretos.
15. Explicación da estrutura dos átomos.
16. Entendemento da necesidade da formación de enlaces químicos entre átomos para formar moléculas estables.
17. Diferenciación dos conceptos de saúde e enfermidade.
18. Coñecemento de exemplos de doenzas hereditarias, infecciosas, deficitarias, etc..
19. Comprensión do funcionamento xeral do sistema inmunitario.
20. Diferenciación dos conceptos de alimentación e nutrición.
21. Coñecemento das funcións nutritivas dos distintos tipos de nutrientes presentes nos alimentos.
22. Recoñecemento das funcións dos aparatos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor na nutrición.
23. Valoración da importancia da adquisición de hábitos alimenticios saudables para a prevención de determinadas doenzas.
24. Identificación dos mecanismos de resposta do ser humano ante un estímulo.
25. Comprensión da importancia do sistema endócrino.
26. Identificación en debuxos as partes dos aparatos reprodutores feminino e masculino.
27. Explicación de como interveñen os distintos órganos reprodutores, masculinos e femininos, na fecundación, o embarazo e o parto.
28. Coñecemento das principais técnicas anticonceptivas e valorar o seu uso para controlar a natalidade e para previr enfermidades de transmisión sexual.
29. Identificación dos principais órganos que constitúen os sistemas nervioso e endócrino.



30. Comprensión da función conxunta de coordinación que realizan os sistemas nervioso e endócrino.
31. Valoración da práctica de hábitos de vida saudables na prevención de doenzas e alteracións da saúde física e mental.
32. Utilización da ecuación do movemento rectilíneo uniforme.
33. Representación gráfica do movemento rectilíneo uniforme.
34. Resolución de problemas de movemento uniforme utilizando ecuacións de primeiro grao.
35. Comprensión do movemento uniformemente acelerado.
36. Representación gráfica do movemento uniformemente acelerado.
37. Realización e resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao.

### **13.6. Criterios de cualificación**

A cualificación de cada avaliación será o resultado de aplicar os seguintes criterios:

- .- Traballo diario realizado durante o transcurso de cada Módulo e asistencia a clase 40%.
- .- Probas escritas parciais ou finais dos contidos traballados: 60%

Durante o transcurso de cada módulo realizaranse unha serie de probas escritas, debendo obter o alumno/a unha nota mínima de 3 puntos sobre 10 para a realización da media.

## **14. Concrecións Metodolóxicas**

Todas as unidades didácticas están fundamentadas na consecución de aprendizaxes significativas nos alumn@s. Para elo partírase do nivel real de coñecementos dos mesmos e tratarase de conectar o que xa saben coas novas aprendizaxes para que poidan asimilalas e utilízalas adecuadamente. Ó comezo de cada unidade intentarase que os alumnos sintan que as súas ideas previas son insuficientes, incorrectas ou pouco útiles. Isto conseguirase mediante diferentes actividades de iniciación, como son o análise e interpretación de datos, imaxes, debates ou un cuestionario previo. Isto serve tamén para motivar e espertar a curiosidade dos alumn@s e permitirán facer unha avaliación inicial dos seus coñecementos previos.

Así mesmo tratarase de fomentar a actividade continuada dos alumn@s para que se impliquen no proceso de aprendizaxe e poidan abarcar os temas na súa maior amplitude. Tratarase tamén de dar oportunidade a que aprendan por sí mesmos estimulando o análise e a reflexión. Para aumentar a motivación efectuaranse actividades diversas,

procurando combinar materiais, espazos e agrupacións na aula, que terán un claro carácter avaliativo.

As diferentes actividades permitirán ós alumnos relacionar os diversos contidos das distintas unidades, non só dentro da nosa materia, senón doutras disciplinas, como a física, química, historia....

O desenvolvemento das COMPETENCIAS CLAVE, vai acompañado dunha práctica pedagóxica esixente tanto para o alumnado como para o profesorado. Para o alumnado, porque ten que se implicar na aprendizaxe e ten que adquirir as habilidades que lle permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo en que vive, construír a súa identidade persoal, interactuar en situacións variadas e continuar aprendendo. E para o docente, porque terá que despreñar os RECURSOS DIDÁCTICOS necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da área como compoñentes das competencias básicas, e poder alcanzar así os obxectivos do currículo. A pesar de que as competencias teñen un carácter transversal e interdisciplinar respecto ás disciplinas académicas, isto non debe impedir que desde cada área se determinen aprendizaxes específicas que resulten relevantes na consecución de competencias concretas.

O docente deberá procurar situacións próximas aos alumn@s para que estes poidan aplicar en diferentes contextos os contidos dos catro saberes que conformen cada unha das competencias (saber, saber facer, saber ser e saber estar). Así mesmo, creará contextos e situacións que representen retos para os alumnos; que os inciten a cuestionar os seus saberes actuais; que os obriguen a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer co dos seus compañeiros, a xustificar e interpretar con rigor etc.

Para traballar as COMPETENCIAS CLAVE relacionadas co dominio emocional e as habilidades sociais terán un especial protagonismo as actividades de planificación e execución de TAREFAS EN GRUPO que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións.

O xeito de avaliar o NIVEL DE COMPETENCIA alcanzado será a través dos coñecementos e as habilidades traballadas. No obstante, as COMPETENCIAS supoñen un dominio completo da actividade en cuestión; non só habilidades, aínda que estas sempre estean presentes. Por tanto, ademais das habilidades, teranse en conta tamén as actitudes e os elementos cognitivos.

### **Metodoloxía didáctica para prácticas de laboratorio**

As clases prácticas perseguirán a consecución de aprendizaxes significativas no alumnado de maneira que estes se impliquen no proceso de aprendizaxe aplicando os coñecementos teóricos para a consecución dos obxectivos procedementais. Isto serve ademais para motivar e despertar a curiosidade do alumnado e dar oportunidade a que aprendan por sí mesmos estimulando a análise e a reflexión.

Nas clases prácticas o profesorado empregará os recursos didácticos necesarios que lle permitan ao alumnado desenvolver as competencias básicas, como a competencia matemática, competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, tratamento da información e competencia dixital, competencia social e cidadá (esta especialmente xa que traballarán en parellas ou pequenos grupos o que favorecerá o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións), competencia para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, e poder así alcanzar os obxectivos do currículo.

O docente procurará situacións próximas aos alumnos e alumnas para que estes poidan aplicar en diferentes contextos os contidos procedementais. Así mesmo, conseguirá contextos e situacións que representen retos que os inciten a se cuestionar para conseguir a aprendizaxe significativa.

## **15. Materiais e recursos didácticos**

En cada unidade didáctica empregaranse os materiais necesarios para realizar as diversas actividades, entre outros: libreta do alumno, libro de texto, diferente bibliografía, material de laboratorio, modelos tridimensionais, colección de rochas e minerais, colección de mostras microscópicas, videos didácticos, ordenador portátil e canón, etc.

Como xa sucedeu o curso pasado, o alumnado de primeiro de ESO traballa con EDIXGAL polo que en lugar do libro de texto contarán cos seus propios ordenadores. Os mesmos non chegan ao centro ata a última semana de setembro, non estando operativas as credenciais e os accesos á plataforma ata outubro, con todo o trastorno que eso supón para a materia.

## **16. Recuperación e avaliación das materias pendentes**

Dentro do Programas de reforzo para a recuperación de materias pendentes en ESO seguiranse os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constan na programación didáctica do curso vixente.

### **Actividades de avaliación**

No mes de outubro o xefe/a de departamento e o profesorado que imparta o curso onde se atope o alumno/a con materias pendentes, entregarán ao alumnado coa materia pendente unhas fichas, que o alumnado deberá entregar na data prevista. As tarefas de ditas fichas versarán sobre os mínimos esixibles e serán avaliadas.

As tarefas poderán ser: cuestións de desenvolvemento longo ou curto, exercicios do libro de texto, identificación de debuxos, completar cadros, realización de esquemas e resumos, etc. Todas irán encamiñadas a facilitar ao alumnado un repaso dos contidos máis relevantes de cada unidade.

O alumnado con adaptación curricular terá unhas fichas especiais adaptadas ás súas necesidades, e será avaliado segundo a súa ACI correspondente.

### **Criterios para superar a materia**

O Xefe de Departamento e o profesorado que imparta a materia no curso onde se atope o alumno/a farán o seguimento do alumnado con materias pendentes de anteriores cursos.

- O docente que imparta materia no curso no que se atope o alumno/a coa disciplina suspensa do ano académico anterior, valorará o traballo, o interese e o esforzo que amose no novo curso. Encargarase de avaliar as fichas e os exames da materia pendente en coordinación co Xefe/a do departamento. Do resultado, positivo ou negativo, informará ao Xefe/a de Departamento para ser tido en conta á hora da cualificación.
- O Xefe/a do departamento avaliará as fichas e os exames do resto do alumnado coa materia pendente.
- Aqueles alumnos/as que teñan a materia pendente do curso anterior teñen dereito a realizar no mes de maio e de setembro unha proba final. As tarefas versarán sobre os mínimos esixibles. Os instrumentos empregados para a avaliación dos alumnos/as e o seu peso no resultado final, serán os seguintes:
  - Proba escrita: 70 %
  - Conxunto de fichas nas que o alumno ou alumna traballará sobre os contidos de cada unidade didáctica: 30 %

Para facer media é imprescindible obter na proba escrita unha nota mínima de 3.5 puntos.

Realizaranse dúas probas escritas, unha no mes de xaneiro e outra en abril.

- Os alumnos/as que obteñan unha cualificación igual ou superior a 3.5 puntos non se avaliarán desa parte na segunda proba.
- Os alumnos/as que obteñan unha cualificación inferior a 3.5 puntos avaliaranse de toda a materia na segunda proba.
- Os alumnos que non superen a proba de abril poderán avaliarse na convocatoria de maio e finalmente na de setembro.
- **Os alumnos con ACI**, para superar a materia tan só deberán entregar as fichas e actividades presentadas polo xefe de departamento e quedan exentos de facer a proba (exame) escritos

## **17. Deseño da avaliación inicial.**

A avaliación inicial consistirá nunha proba escrita específica sobre CONTIDOS básicos da materia e sobre todo incidindo nos contidos do curso anterior que lle poidan servir ao alumno/a para seguir con éxito o curso.

A proba escrita consistirá en exercicios variados como:

.- cuestións de desenrolo longo ou curto.

- .- cuestións de resposta alternativa (verdadero ou falso).
- .- cuestións de correspondencia (establecer relacións entre dúas columnas).
- .- cuestións de pareo (encher ocos).
- .- identificación de esquemas e debuxos.
- .- definicións.
- .- cuestións de razonamento.

Para a avaliación de dita proba teremos en conta a utilización dun vocabulario específico da materia, a adecuación das respostas ás cuestións e a expresión clara e ordeada.

## **18. Medidas de atención á diversidade**

A atención á diversidade dos/as alumnos/as, no referente ás diferenzas individuais en capacidades, motivación e intereses, esixe que os materiais curriculares posibiliten unha acción aberta dos/as profesores/as, de forma que tanto o nivel dos contidos como formulacións didácticas poidan variar segundo as necesidades específicas da aula.

Consideraremos a atención á diversidade en tres planos:

### **Atención á diversidade na programación**

Tendo en conta que no currículo de Ciencias da Natureza existen abundantes exemplos de contidos que poden

representar dificultades na aula, poñendo de manifesto a diversidade no conxunto dos/as alumnos/as e evidenciando as diferencias individuais na clase, realizamos unha programación baseada nos contidos mínimos, aqueles que poidan ser comprendidos por toda a clase ou, polo menos, polo maior número posible de alumnos e alumnas e que poidan ser considerados esenciais.

#### **Atención á diversidade nas actividades**

A categorización das actividades permite atender á diversidade na aula, podendo propoñerlle a cada alumno aquelas actividades que mellor se adecuen ás súas capacidades, necesidades e intereses.

Polo tanto, a atención á diversidade fainos necesario un repertorio de actividades que conteñan unha organización con diferentes graos de dificultade, polo que se farán propostas de traballo a todos os alumnos para realizar ben individualmente ben en grupo propoñendo actividades máis sinxelas (de reforzo) para aqueles alunos que teñan dificultades para progresar dentro do grupo e outras máis complexas (de ampliación) para os máis avanzados.

#### **Actividades de reforzo e ampliación**

Son necesarias particularmente nos casos nos que convén reforzar a aprendizaxe dos/as alumnos/as con dificultades ou satisfacer as necesidades dos/as alumnos/as máis adiantados xa que permiten repasar e traballar conceptos, aplicar técnicas e afianzar destrezas.

Dentro deste tipo de actividades poderíamos citar:

- Traballos en pequeno grupo sobre temas xa estudados co fin de que se busquen novos datos ou posibles aplicacións, ou relacións con informacións de actualidade.
- Aproveitar os contidos transversais para reforzar conceptos que puideran quedar pouco aclarados ou para ampliar información.
- Facer referencia, en cada unidade didáctica, a aspectos xa tratados nas anteriores.
- Proporcionar cuestionarios cunha xerarquiación das cuestións dende as máis básicas ás máis avanzadas.

#### **Atención á diversidade nos materiais utilizados**

A combinación do material esencial (o libro de texto) con diversos materiais de reforzo ou ampliación permite atender á diversidade en función dos obxectivos fixados.

Con respecto ao alumnado con necesidade educativas especiais diagnosticadas polo Departamento de Orientación, realizaranse as **ACIS** que afecten aos elementos prescriptivos do currículo.

#### **Atención a alumnos con Adaptación curricular**

Ao alumnado con adaptación curricular (ACI) facilitaráselle o material para traballar na aula que consistirá nunha serie de fichas cun mínimo de teoría e exercicios prácticos que axuden á comprensión dos contidos e á consecución dos obxectivos. As fichas prácticas serán corrixidas e valoradas. Realizaranse tamén probas escritas e aplicaranse os mesmos criterios de cualificación que para o curso correspondente.

## **19. Elementos transversais**

Un proceso educativo enriquecedor debe trascender o ámbito dunha disciplina concreta e preseguir ademais uns obxectivos formativos doutra natureza; así aparecen temas ou contidos que non son propios da materia, nin sequera dunha unidade didáctica da materia senón que trascenden a un epígrafe e subxacen de forma transversal na elaboración das actividades para cada nivel e que poden ser introducidos como contidos conceptuais que relacionen diferentes bloques. Así por exemplo, os problemas enerxéticos son transversais non só na área de ciencias, senón que trascenden a outras áreas dando lugar a transdisciplinariedade.

O coñecemento do solo e a relación dos procesos a que se somete coa obriga de conservalo aportan suficientes razóns para insistir nos temas transversais.

Dentro da Bioloxía e Xeoloxía, se ben están presentes todos os temas transversais (Educación para a

convivencia, E

ducación non sexista, Educación ambiental, Educación sexual, Educación vial, ...) a orientación da materia produce un tratamento máis exhaustivo dalgúns deles. Estes son os seguintes:

### ***Educación ambiental***

A educación ambiental debe partir do suposto de que a conservación do medio natural por parte dos individuos e por parte dos estados é o resultado dunha actitude que xorde como consecuencia da asociación duns valores que rematan establecendo normas por parte das administracións. O ensino ten a misión de fomentar actitudes de respecto coa natureza nos alumnos co fin de que obteñan unha formación medioambiental que lles permita ser conservacionistas, tanto como persoas individuais como integrantes dunha sociedade.

O tratamento da Educación ambiental en Bioloxía e Xeoloxía e Ciencias da Natureza realízase tanto nos temas especificamente dedicados á ecoloxía como no resto das unidades, como unha impregnación xeral de todos os temas. Ademáis o alumnado de 2º de ESO realizará unha saída á praia da Magdalena para estudar in situ un ecosistema, e o alumnado de 1º de ESO realizará unha saída ao río para estudar un bosque de ribeira.

A importancia indiscutible deste tema transversal na materia de Bioloxía e Xeoloxía esixe un tratamento especial correspondendo a esta materia a aplicación dos coñecementos previos sobre os ecosistemas para un estudio máis científico das relacións existentes no seno dos mesmos, a intervención humana no medio e o mantemento da biodiversidade, acompañado de procedementos de estudio do medio, axeitados ás capacidades dos alumnos.

### ***Educación para a saúde***

En 3º de ESO afiánzanse os coñecementos do alumnado en relación coa súa saúde e se fomenta a comparación con outros seres vivos, para atopar semellanzas e diferencias.

Xorden aspectos moi variados da Educación para a saúde, relacionados con todas as funcións do corpo humano que deberán ser obxecto de debate na aula, para afondar sobre os conceptos, procedementos e actitudes tratados no texto.

### ***Educación sexual e para a igualdade entre os sexos***

O tratamento deste tema transversal realízase de forma natural, aínda que científica e respectuosa coa persoa, integrando os conceptos neste caso no contexto da reprodución dos seres vivos. Este tratamento fomenta a distinción entre reprodución e sexualidade posibilitando a apreciación da sexualidade humana.

A educación para a igualdade entre os sexos é un contido transversal que debe ser tratado de xeito ineludible e



continuado, de maneira directa ou indirecta, pero sempre buscando a reflexión e a crítica de actitudes sexistas, para contribuír á integración destas valores no alumnado.

Co uso dunha linguaxe '*coeducativa*' que exclúa calquer discriminación por razón de sexo presentando sempre á muller en situacións de igualdade co respecto ó home tanto no campo do taballo científico como noutros ámbios cotiáns.

### ***Educación para o consumidor***

Dende o punto de vista da Bioloxía e a Xeoloxía este tema está estreitamente relacionado tanto coa Educación ambiental nos aspectos relativos ao uso responsable dos recursos naturais e a crítica da presión consumista, que agrede á natureza acelerando o uso de recursos non renovables e xerando toneladas de lixo non biodegradable como coa Educación para a saúde nos aspectos sobre elección de alimentos axeitados, a verificacións das normas e condicións de conservación, a comprobación da etiquetaxe, etc...

A educación para o consumo deberá fomentar actitudes no eido da saúde, consumo, aplicacións químicas para a obtención e conservación dos produtos alimentarios, etc... sen circunscribilos unicamente ó tema da alimentación.

### ***Educación para a paz***

Se ben non se aborda dun modo explícito, na Educación para a Paz, non obstante, subxacen algúns fundamentos nos que se asenta esta disciplina transversal:

- Respeto aos distintos comportamentos que pode presentar o ser humano.
- Equilibrio nas relacións dos seres humanos entre si e co medio que lles rodea.
- Distribución equitativa e xusta da enerxía e dos recursos dispoñibles no Planeta.
- Dereito á Saúde, en sentido amplo, de todas as persoas, con independencia do sexo, idade, relixión ou cualquier outro factor de posible discriminación.

### ***Educación para o lecer, Educación vial***

A **educación para o lecer, a educación vial**, etc... están tamén ligadas a actitudes propias da ciencia pensemos, por exemplo, as consecuencias para o corpo humano que ten a conducción sen casco, sen cinto de seguridade, etc...

## **20. Actividades complementarias e extraescolares**

Dada a situación de excepcionalidade no departamento ao chegar este curso un novo membro provisional e dúas novas persoas definitivas ao mesmo, a reunión de departamento na que se fixan as posibles actividades

complementarias queda aplazada para o mes de outubro sen poder recoller na programación o resultado da proposta. Non obstante, intentarán manterse as visitas propostas o curso pasado para os seguintes cursos:

1º BAC: Visita guiada ao “Complexo xeolóxico do Cabo Ortegal”.

2º BAC: visita a EDAR de Cedeira.

- Celebración o 7 de abril do Día da Saúde. Tentaremos animar ao alumnado, a que durante o recreo consuman froita, en lugar de produtos ricos en colesterol e graxas.
- Datas: pendentes da dispoñibilidade e da coordinación con outros departamentos para non coincidir no tempo na medida do posible.
- Visitas e actividades que en coordinación co Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares poidan xurdir ó longo do curso.

## **21. Proxecto lector**

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía seguirá as directrices que plantexa o o Plan Lector do centro que terá como obxectivos:

- .- Conseguir a paulatina capacitación do alumnado na lectura e comprensión de todo tipo de textos.
- .- Implicar a todas as persoas do centro educativo para que transmitan unha actitude positiva diante do proceso de lectura, non só como medio de aprendizaxe senón como recurso de pracer e como axuda ao desenvolvemento persoal.
- .- Favorecer a competencia literaria.
- .- Educar no uso crítico da información.

Para conseguir os obxectivos anteriormente citados, o noso departamento empregará tanto soportes impresos como soporte electrónico. Como medida fundamental para a potenciación da lectura está a utilización dos apartados “O Recanto da Lectura” que aparecen nos libros de texto, así como a lectura comprensiva dos diferentes contidos das unidades didácticas, para axudar a mellorar o seu nivel.

A utilización de artigos de xornais e revistas, así como a información obtida de Internet, respecto a diversos temas científicos de interese serán tamén utilizados como ferramenta imprescindible para fomentar a lectura, xa que non olvidamos que a nosa materia require unha boa base lectora e comprensiva, para poder ter unha boa redacción e expresión escrita.

Serán suxeridas polo profesor diferentes lecturas recomendadas de libros ou fragmentos dos mesmos que se consideren de interese.

Destinarase un tempo na aula á lectura de textos breves de carácter científico, avaliando a súa comprensión e interese amosado.

## **22. Mecanismos de revisión e modificación das programacións didácticas**

Como é lóxico, unha Programación Didáctica de Departamento, é un documento que ebe estar sempre aberto a posibles cambios co propósito de modificar aqueles apartados que, na práctica docente, compróbase que non están axeitados á realidade da aula. É, por iso, que a propia autoavaliación da Programación Didáctica debe ter dous grandes bloques: por unha banda, sinalar aqueles ítems claves do grao de consecución e, por outra, especificar as posibles correccións aplicables para as futuras Programacións.

A continuación indicaranse os ítems nos que se baseará a autoavaliación do grao de consecución da Programación Didáctica do presente curso académico:

<b>ÍTEMS FUNDAMENTAIS</b>	<b>GRAO DE CONSECUCIÓN</b>		
	<i>Sí</i>	<i>Mellorable</i>	<i>Non</i>
<b>1.</b> ¿Acadáronse os obxectivos didácticos previstos na Programación?			
<b>2.</b> ¿Aplicáronse correctamente as metodoloxías en cada un dos cursos e niveis?			
<b>3.</b> ¿Aplicáronse correctamente os criterios de avaliación previstos?			
<b>4.</b> ¿Aplicáronse correctamente os criterios de cualificación previstos?			
<b>5.</b> ¿Acadáronse os resultados académicos previstos por parte do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe?			
<b>6.</b> ¿Aplicouse correctamente, en cada un dos cursos, os apartados previstos na Programación Didáctica?			

En caso negativo de calquera dos ítems fundamentais, especificar na seguinte táboa, no que se errou para futuras correccións:

<b>ÍTEM FUNDAMENTAL NON ACADADO</b>	<b>CURSO</b>	<b>OBSERVACIÓNS E MEDIDAS DE MELLORA</b>


En Cedeira,

Magdalena Rey

Xefa de departamento